

ACCESO, TAXAS E XESTIÓN ACADÉMICA

Curso 2017/2018

CASO 676/453 Data 27/09/2017

Reclamante: Dúas alumnas	Motivo	En maio e xuño do pasado curso presentaron dous escritos, un dirixido ao secretario académico do seu centro e outro ao reitor, en que solicitaban o recoñecemento dos seus dereitos como alumnas con dedicación a tempo parcial.
Inicio: 02/10/2017		Á data de inicio desta reclamación manifestan que non tiveron resposta ningunha, e solicitan que se lles informe de todos os pasos que cómpre seguir para poder continuar coa solicitude de recoñecemento dos seus dereitos (flexibilidade na asistencia, elección de grupo) e que se inclúa a dispensa especial nas guías docentes.
Remate: 10/10/2017		
	Actuacións	Servizo de Organización Académica, dirección do centro e normativa.
	Resolución	<p>Tras contactar co Servizo de Organización Académica e co secretario académico do centro, o 05/10/2017 enviase a resposta ás alumnas que deseguido se recolle:</p> <p>En relación coa súa solicitude dirixida ao reitor, segundo nos informa a xefa da Sección de Estudos de Grao do Servizo de Organización Académica, deixouse o asunto en mans do centro para que resolverse.</p> <p>En relación coa súa solicitude dirixida ao secretario da facultade, postos en contacto con el, indícanos que xa falara con vostedes do asunto, que llo comunicara ao profesorado e que se dera publicidade na páxina web do centro á norma que regula o réxime de dedicación ao estudo na UDC. Comentounos que pensaba, pois, que xa non era preciso remitirles unha resposta por escrito.</p> <p>Pola nosa parte, verificamos as guías docentes do curso 2017/18 das materias que recollen no escrito dirixido por vostedes ao secretario do centro e comparámoslas coas do curso pasado. Aínda que apenas se produciron cambios nas metodoloxías docentes nin nos criterios de avaliación, e mesmo non se fala xeralmente de condicións específicas de flexibilidade para o alumnado a tempo parcial, apreciamos que (salvo como é lóxico nas Estadías ***) apenas houbo nin hai requirimentos expresos nas guías docentes desas materias en canto á obrigatoriedade ou á necesidade de asistir ás clases para poder superalas, e que, no caso onde se dá un requirimento de presencialidade notable (***) introduciuse na guía docente do presente curso a posibilidade de obter condicións de flexibilidade para o alumnado a tempo parcial, deixando o asunto ao criterio da comisión académica do centro.</p> <p>O secretario académico do centro comentounos que se se lles presentaba algún problema nalgunha materia podían acudir a el para ver se podía dárselle solución.</p> <p>Se vostedes consideran que nalgunha materia determinada teñen algún problema concreto e que lles asiste o dereito de que llelo resolvan favorablemente para os seus intereses, en tanto que estudantes cun réxime de dedicación a tempo parcial, recoméndolles que acudan de novo a falar co profesor e, en caso de que non lles dean unha solución axeitada, fagan unha solicitude sobre esa/s materia/s concreta/s nun escrito motivado dirixido á decana da facultade, quen deberá responderlles igualmente por medio dun escrito motivado.</p> <p>Aínda que a lexislación e as normas internas da UDC sobre o réxime de estudos a tempo parcial inciden en que ser estudante a tempo parcial é un dereito e que o alumnado a tempo parcial ten que poder gozar de condicións de flexibilidade que lle possibiliten compaxinar o estudo co traballo, na práctica, estas cuestións</p>

xenéricas que marcan unha clara tendencia do que debería facerse (iso si, dentro das dispoñibilidades orzamentarias da universidade), deberían concretarse nas guías docentes das materias para ser operativas. Lamentablemente, só o “dereito preferente a elixir quenda cando existan dous ou máis grupos con horarios diferentes nunha determinada materia ou disciplina” figura explicitamente recollido nas normas da UDC como criterio concreto de obrigado cumprimento, con independencia da opinión ou do criterio do profesorado responsable da materia; segue sendo común nesta universidade, como en moitas outras, atoparse con guías docentes nas que aínda continúa sen contemplarse para nada ningún tipo de condicións específicas nin sobre metodoloxías docentes nin sobre criterios de avaliación diferenciados para os estudantes a tempo parcial.

Co único fin de orientalas sobre o alcance dos seus dereitos no que se refire á dedicación ao estudo a tempo parcial, sinálolles as principais referencias normativas que delimitan o marco real destes estudos no que atinxe ao alumnado que cursa estudos na UDC.

Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario (véxanse os artigos 7.2 e 25).

Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña (véxanse os catro primeiros parágrafos do limiar e os artigos 2, 3, 6 e 7, 8 e mais a disposición adicional terceira).

Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC (véxase o limiar (4.º parágrafo) e artigos 7.3).

Toda esta normativa atópase publicada na páxina web da UDC, na Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente (<http://www.udc.es/normativa/academica/index.html>)

Por último, sinálolles que deben vostedes ter presente de cara á interpretación da normativa que, en ocasións, os dereitos dun determinado colectivo poden chegar a bater de fronte cos dereitos doutros colectivos e que, nese caso, a situación debe ser valorada polo profesorado (ou se é preciso pola comisión académica do centro), tendo en conta os dereitos de ambas as partes.

O 06/10/2017 maniféstanme que agradecen as miñas palabras pero que non están conformes, e inciden en que non lles contestan con carácter oficial. Insisten en que teñen dereito a que lle inclúan a dispensa especial nas materias como dereito de toda a comunidade universitaria e en que queren que se faga fincapé na elección do lugar de prácticas. Sinalan, por último, que, se é preciso, presentarán un recurso de alzada, pois o seu obxectivo é conseguir un escrito oficial asinado polo reitor en que se reflectan os seus dereitos, dado que na facultade non llelo resolven.

O mesmo 06/10/2017 contéstolles ás alumnas por medio dun correo cuxo contido reproduzo:

Desde logo que lles asiste o dereito a que o secretario académico do centro dea curso formal ao seu escrito e a que lles respondan desde o centro por medio dun escrito motivado. Se vostedes consideran que co que faloron co secretario non é suficiente ou que falar de novo con el non serviría para arranxar nada, ánimoas a exerceren ese dereito, quer recordándolle verbalmente ou por medio doutro escrito que seguen á espera de que lles responda, quer remitindo un escrito ao reitor denunciando que, a pesar do prazo transcorrido, seguen sen recibir unha resposta motivada por escrito nin do centro nin da Reitoría, e pedindo que se lles responda sen máis dilación.

A opción de sinalar cuestións concretas en guías docentes concretas aludindo a presuntas conculcacións de dereitos concretos con base na normativa vixente suxerínllela porque

penso que pode ser máis eficaz. Ademais de ir directamente ao centro de cada cuestión, este tipo de solicitudes prestaríanse menos a respostas xenéricas que en pouco contribuirían na procura de solucións concretas.

A miña alusión a posibles conflitos entre dereitos é porque poden darse casos en que así ocorra e alguén tería que dirimir. Como valedor universitario atópome con frecuencia con conflitos de intereses en que ambas as partes teñen a súa parte de razón, pero non toda a razón... Poñamos por caso que os destinos para prácticas se elixen por concurso de méritos (ex. por currículo), que un/ha estudante a tempo completo con máis méritos vive a carón dun dos posibles centros de prácticas que goza de gran prestixio e outro/a con menos méritos traballa nesa mesma localidade, pero á parte dispónse tamén na oferta -dentro da mesma franxa horaria- doutro centro de menor prestixio situado a unha pequena distancia do seu centro de traballo, con boas comunicacións e con tempo abondo para trasladarse a diario sen afectar para nada nin ao seu traballo nin ás súas prácticas... Este, e non outro, era o motivo da miña reflexión.

En calquera caso, toda vez que vostedes teñen coñecemento da normativa e de como lles pode estar a afectar a guía docente de cada materia e a súa aplicación, son vostedes libres de enfocar o asunto como mellor lles pareza.

Confío en que saiban valorar na súa xusta medida as actuacións que ata o de agora levamos realizando desde esta oficina sobre o seu caso, tendo presente que, tal e como xa lles comentara, o valedor universitario está para velar polos dereitos e as liberdades de calquera membro da comunidade universitaria ante as actuacións dos órganos e servizos universitarios. Na medida das nosas competencias, desde esta oficina levamos feito e seguiremos a facer todo o posible na procura dun verdadeiro encaixe dos estudos a tempo parcial como unha modalidade máis de estudos na UDC e no conxunto das universidades do Estado, e mais para contribuír na resolución dos problemas concretos que se nos presenten. Como xa lles comentara, o órgano do Valedor Universitario non ten capacidade executiva e as queixas ou reclamacións que se lle presenten teñen que ser formuladas tras a actuación doutros órganos (ex. decanato, vicerreitoría).

O 09/10/2017 as interesadas solicitan información sobre a presentación dun recurso de alzada, ao que se lles responde convenientemente o 10/10/2017.

CASO 683/460 Data 21/11/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación do cambio de quenda nalgunhas materias, ao que considera ter dereito como alumna con discapacidade.
Inicio: 21/11/2017	Actuacións	Normativa.
Remate: 24/11/2017	Resolución	Dado que a alumna presentara un recurso de alzada ante o reitor sobre esa mesma cuestión, comunícaselle a non admisión a trámite da súa solicitude, motivada no artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario.

CASO 686/463 Data 08/01/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Aplicánlle un recargo de 30 € no pagamento do segundo prazo de matrícula e solicita a anulación e devolución das taxas de recargo por considerar inxusta a desaparición das notificacións sen aviso previo.
Inicio: 11/01/2018	Actuacións	Normativa.
Remate: 11/01/2018	Resolución	Analizado o caso, envíaselle un escrito de resposta co seguinte contido:

A Normativa de xestión académica da UDC para o curso 2017/2018 (Resolución reitoral do 31/05/2017), de obrigado cumprimento en todos os centros da universidade, concreta no seu artigo 10.3b) os intervalos de datas en que deberá realizarse o pagamento de cada un dos catro prazos de matrícula para o alumnado que opta polo pagamento fraccionado.

Desde o momento en que o alumno se matricula dispón dun documento en que figuran explicitamente recollidas as datas de comezo do pagamento de cada un dos prazos de matrícula ("Prazos e datas de comezo") e mais as datas de comezo e de remate do prazo que corresponde aboar ("Período de pagamento").

Entre a información á que se accede dun modo directo desde a portada da páxina web da UDC figura permanentemente ao longo de todo o curso a MATRÍCULA, con indicación explícita das datas de inicio e límite para o pagamento de cada prazo de matrícula (<http://www.udc.gal/matricula/procedemento.html>).

Ademais de figuraren normalmente indicacións sobre os prazos de matrícula nos taboleiros de anuncios das administracións dos centros, o alumnado pode solicitar a dita información dirixíndose ao persoal da administración do seu centro.

As notificacións que se viñan producindo nos últimos anos realizábanse desde o Servizo de Organización Académica, dependente da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente como unha axuda máis ao alumnado, pero tal comunicación non ten carácter obrigatorio.

No propio impreso de matrícula figura explicitamente recollido que de non ingresarse o importe da matrícula na entidade bancaria no prazo que se indica, procederá a incrementarse na cantidade establecida como gastos de xestión na normativa académica. O referido artigo 10.3b) da Normativa de xestión académica recolle que "Establecerase un recargo por un importe de 30 euros, ou o recargo que estableza a Xunta de Galicia, no seu caso, en concepto de gastos de xestión e tramitación, en caso de existir retraso no pagamento dos prezos públicos que se deben satisfacer".

Entendo que determinadas rutinas poden levar a confiarse en exceso, esperando unha notificación que por diversas razóns pode non chegar a producirse, pero isto non exime da responsabilidade persoal de cadaquén de ter que cumprir cuns prazos formalmente establecidos e suficientemente anunciados por outras vías de modo permanente desde antes de que se abra o período de matrícula.

CASO 687/464 Data 09/01/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Atópase no último ano posible para acabar os seus estudos de enxeñaría e fáltnlle para rematar o PFC e uns créditos de libre elección. Nun principio, no centro indícanlle que ten que facer uns cursos e despois solicitar os recoñecementos, mais desde o Servizo de Organización Académica informan de que xa non resultaría posible, pois o último curso para recoñecerllos foi o 2016/2017.
Inicio: 10/01/2018		
Remate: 10/01/2018		
	Actuacións	Administración do centro.
	Resolución	Contáctase coa administración do centro e explóranse todas as posibilidades, mais xa non resulta factible superar créditos de materias unha vez rematados os prazos fixados pola lexislación e feitos públicos pola vicerreitoría competente.

CASO 690/467 Data 23/01/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	O proceso de selección para o <i>Practicum</i> publicado no seu centro
--------------------	--------	--

Inicio: 23/01/2018		non se axusta a dereito, por incumprir o artigo 17 do Real decreto 592/2015.
	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 26/01/2018	Resolución	<p>Tras un intercambio de información e de respostas co interesado sobre os dereitos que lle asisten nesta cuestión como persoa con discapacidade e sobre as posibilidades reais que tería de chegar a matricularse no <i>Practicum</i> tendo en conta a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e máster universitario e a Normativa de xestión académica, infórmoo finalmente do seguinte:</p> <p>Centrándonos na cuestión que lle preocupa nestes momentos, paso a concretarlle:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con respecto ás posibilidades de ampliación/modificación da matrícula, a lóxica e as presións leváronme a interpretar, erroneamente, que, dado que a Normativa de xestión académica debería limitarse a fixar a xestión que permitise a posta en práctica pola administración universitaria do recollido noutras normas – como a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña–, en ningún caso se poderían exceder os topos de matrícula fixados nesta norma para cada curso académico. Porén, e congratúlome por iso, a Normativa de xestión académica recolle unha interpretación laxa desa norma e o que está a contemplar é que os topos de matrícula non se rebasen en ningún momento concreto, aínda que si poidan facelo no cómputo global dos créditos matriculados ao longo de todo o curso, de tal forma que ao descontar os créditos xa aprobados no 1.º cuatrimestre poden incrementarse créditos no período de ampliación de matrícula. Para maiores garantías de que esa é a interpretación que se está a facer en todos os centros, falei con persoal do Servizo de Organización Académica e confírmanmo. Píddlle desculpas polo erro cometido a este respecto na información que lle remitín anteriormente. - O que non podería facerse é substituír os créditos de ningunha das catro materias de 2.º e 3.º curso de carácter obrigatorio nas que está vostede matriculado para o 2.º cuatrimestre polo <i>Practicum</i>, pois a norma establece claramente que “O alumno de continuación de estudos de grao, con réxime de dedicación a tempo completo, deberá matricularse respectando o número máximo de créditos autorizado, incluíndo todos os créditos de formación básica e obrigatoria, daqueles cursos académicos anteriores, que non teña superados” (art. 2.2c) da Norma que regula a dedicación ao estudo...” - Falei coa directora do seu centro para asegurarme de que vostede figurase na listaxe de alumnos que participarán no proceso de selección e adxudicación de unidades/servizos e centros de saúde e aseguroume que vostede xa figura nesa listaxe e que, polo tanto, deberá acudir no día e hora programados para o proceso de selección ou, ante unha causa xustificada, e sempre que presente autorización, delegar noutra persoa a elección. Loxicamente, a adxudicación definitiva da súa praza, como a de calquera outro alumno que estea nas mesmas circunstancias académicas, queda supeditada a que vostede cumpra no momento do peche de actas coa condición de ter superadas todas as Estadías Clínicas, tal e como se estipula no plan de estudos da titulación. - Comentei tamén coa directora o meu punto de vista a respecto da súa prioridade na elección de centro, atendendo ao estipulado no artigo 17.3 do Real decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios: “prioridade na elección e na adxudicación de prácticas aos estudantes con discapacidade, co obxecto de que poidan optar a empresas en que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao

transporte para o seu traslado e acceso a elas". Alén desta **prioridade na elección de centro (elección de empresa)**, comenteille tamén que a lexislación universitaria recolle que as universidades deben **velar porque se compensen, na medida do posible, todo tipo de dificultades ligadas aos diversos tipos de discapacidade**. A miña opinión, e así lla trasladei á directora, é que o seu dereito de prioridade non é universal pero que, unha vez elixido centro (empresa) de maneira prioritaria atendendo ao estipulado no antedito artigo 17.3, aínda lle asiste a vostede, e aos demais alumnos con discapacidade recoñecida, o dereito a que non se vexan abocados a realizar as súas prácticas nun servizo ou unidade que lles puidese xerar serias dificultades en relación coa súa concreta discapacidade. A directora comprometeuse a ter en conta todas estas cuestións, respectando o marco legal e compaxinando de maneira equilibrada os dereitos das persoas con discapacidade cos dereitos doutros estudantes con mellor nota media no seu expediente.

CASO 700/477 Data 21/03/2018

Reclamante: Allea	Motivo	Interesada en realizar un mestrado na UDC, atópase con problemas en canto á esixencia de documentación que acredite a súa condición de vítima de violencia de xénero para poder gozar de matrícula gratuíta.
Inicio: 26/03/2018		
Remate: 24/05/2018	Actuacións	Servizo de Organización Académica (SOA) e Administración do centro.
	Resolución	<p>O 26/03/2018 infórmoa de que no SOA están ao corrente do asunto e que se ocuparán de darlle a oportuna resposta.</p> <p>O 08/05/2018 a interesada envíanos un correo en que indica que non recibira aínda ningunha resposta nin solución, e pídenos que lle indiquemos desde a nosa oficina o tipo de certificado que necesitamos.</p> <p>Tras falar de novo co SOA e mais coa Administración do centro do que depende o mestrado, o 09/05/2018 comunicamos á interesada que será a administradora do centro quen lle enviará a información que se lle require en cumprimento das esixencias que emanan da normativa aprobada pola comunidade autónoma o 06/07/2017.</p> <p>O 14/05/2018, a interesada envíanos un novo correo co seguinte contido: "Sigo esperando noticias vuestras, desde el 10 de marzo que recibisteis mi escrito, creía que había pasado el tiempo suficiente para ello".</p> <p>O 15/05/2018 contéstolle por medio do correo electrónico detallando todos os pasos dados desde a nosa oficina, que non nos corresponde a nós a recepción de certificados e si velar polos dereitos e as liberdades do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos desta universidade. Indícolle tamén que, a pesar de que desde a Administración do centro nos indican que a información que precisa xa lle fora enviada e que lla enviarán de novo, o que se lle está a requirir é o que vén recollido no artigo 12.4 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2017/18 [recóllese literalmente o texto que lle afecta e envíáselle tamén a ligazón ao decreto].</p> <p>Pasados dous días (17/05/2018), a interesada envíanos un novo correo electrónico en resposta ao noso propio correo do 15/05/2018, en que sinala: "Querría saber a través de qué medio habeis enviado la información. Si es a través del email, no he recibido nada, por eso estoy insistiendo... Han pasado más de 2 meses desde que recibisteis mi escrito, por eso considero que es tiempo suficiente para insistiros... Por otro lado, no me habeis</p>

hecho llegar en ningún momento la información demandada. Hacer un corta y pega de la ley no es lo que yo he pedido... Como me comentas que este tema no os compete a vuestro departamento, deberías de facilitarme –a mi parecer- una dirección de email de alguien que pueda responderme a esa pregunta...”. O correo remata indicando “Espero rápidamente vuestra respuesta.”

Ao día seguinte, (18/05/2018), enviólle un novo correo á reclamante, en que lle comento que en materia de prezos públicos, gústelles ou non, as tres universidades do sistema universitario de Galicia están suxeitas á obrigatoriedade de aplicar o decreto de prezos públicos (Decreto 65/2017); indícolle tamén que, de precisar algunha aclaración adicional sobre o recollido nese decreto, aconséllolle que se poña directamente en contacto coa Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Recibo unha inmediata resposta por parte da reclamante, por medio dun novo correo en que empeza por sinalar: «Creo que no procede el comentario de que tengo que contactar con la consejería de educación. Y te explico por qué: una trabajadora de vuestra universidad fue la que me dijo que podría enviarnos un documento o “certificado actualizado”...»

O propio 18/05/2018 enviólle un novo correo en que lle comunico o que deseguido se recolle integramente: «Independientemente do axustado ou non da expresión “certificado actualizado” para referirse ao que recolle o Decreto 65/2017 (“... A estes efectos o documento acreditativo de dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo dos 24 meses...”), por favor, transmita ás traballadoras sociais que en relación cos prezos públicos de matrícula nesta universidade ninguén lle vai esixir nada que non estea explicitamente recollido nese decreto. De facelo, sería ilegal e eu mesmo, como valedor universitario, me interesaría inmediatamente por que se lle respectasen adecuadamente os seus dereitos.»

Nun novo correo en resposta inmediata a este último, a interesada responde literalmente: “Me ha quedado confusión al leer tu email. No sé si te refieres a que ese certificado actualizado es ilegal y que no servirá de nada entregarlo... ¿Me lo puedes confirmar? No me queda claro si te refieres a eso o si te refieres a lo contrario.”

Seguen novos correos...

CASO 706/483 Data 19/07/2018

Reclamante: Alleo	Motivo	Hai catro anos, o alumno accedeu ao Grao en ***, tras superar as PAAU, mais ao non superar os créditos mínimos esixidos, non puido continuar na titulación.
Inicio: 19/07/2018		Posteriormente, cursou un ciclo de formación profesional de grao superior para logo poder volver a acceder ao mesmo grao. Por esa vía de entrada foi aceptado pola CIUG, mais cando se dispuxo a matricularse na UDC non lle permitían facelo.
Remate: 27/07/2018		Solicita que o seu caso sexa revisado, xa que non atopa ningunha normativa na que conste que non poida volver acceder por outras vías, e que en caso de non ter ningunha posibilidade para matricularse, se lle conceda praza na Universidade de Vigo, na que por nota tería praza.

Actuacións	Normativa.
Resolución	Informo ao interesado de que a norma que regula o réxime de dedicación ao estudos e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario da UDC é de obrigada aplicación a todo alumnado que cursa estudos nesta universidade. A regulación do progreso e a permanencia nas diferentes universidades corre a cargo dos seus respectivos consellos sociais e, aínda que con

diferenzas en canto ao nivel de esixencia, na maioría das universidades recóllense, como se fai na UDC (art. 3.4) que se o estudante non cumpre cos requisitos estipulados xa non poderá proseguir os mesmos estudos na propia universidade. Sexa cal for a vía de acceso, en aplicación do artigo 3 das Normas de progreso e permanencia da UDC, o interesado ten vetado poder proseguir os mesmos estudos nesta universidade.

Coméntaselle, por último, que o acceso ás universidades do sistema universitario galego depende integramente da CIUG, e que se tivese dificultades relacionadas coa concesión inicial de praza na UDC e a súa imposibilidade de materialización para poder matricularse na Universidade de Vigo á pesar de ter unha nota superior á de corte, non dubidara en comunicárnolo, pois, tal vez, puidésemos serlle dalgunha utilidade, poñendo o asunto en coñecemento directo do representante da UDC na CIUG.

Curso 20167/2017

CASO 645/422 Data 29/09/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Traslada o seu expediente desde outra universidade, matricúlase dun número de créditos inferior ao requirido mesmo para o tempo parcial e sen ter tal condición e, tras pagar o primeiro prazo da matrícula, comunícanlle que ten que matricularse dun maior número de créditos ou anulala. Cuestiona abertamente a existencia de mínimos de créditos de matrícula por supor un custo económico e un tempo de dedicación ao estudo non sempre asumibles por quen precisa conciliar os estudos coa vida laboral, e solicita poder manter a matrícula ou, de non ser posible, a devolución íntegra do importe aboado.
Inicio: 05/10/2016		
Remate: 05/10/2016		

Actuacións

Normativa.

Resolución

Comunícaselle a non admisión a trámite de acordo co Regulamento do valedor universitario (art. 16.3), ao comprobar que na mesma data da solicitude, a alumna presentara outra reclamación igual ante o reitor.

CASO 648/425 Data 10/10/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	A pesar de que na súa titulación o TFG figura como unha materia do 2.º cuatrimestre do 5.º curso, na práctica está organizado para ser realizado ao longo de dous cuatrimestres (o proxecto básico nun cuatrimestre e o proxecto de execución no seguinte). Ademais de que isto pode xerar problemas coas bolsas de estudo, quen comeza o TFG no segundo cuatrimestre vese na obriga de pagar unha segunda matrícula para poder defendelo no curso seguinte. O alumnado busca non ter que pagar unha segunda matrícula no TFG para poder rematalo; o asunto lévase ao Consello de Goberno e a resposta do equipo reitoral é que iso é algo que depende da Xunta de Galicia. Manifesta que contan co apoio da Escola, do profesorado dos talleres e coa resposta do Consello de Goberno, e entende que contan tamén co apoio do equipo reitoral, e pide axuda ao valedor universitario para ver cal pode ser o procedemento co fin de resolvelo.
Inicio: 17/10/2016		
Remate: 24/10/2016		

Actuacións

Normativa.

Resolución

Tras analizar a normativa e outra documentación relacionada co asunto, envió a seguinte resposta á interesada:

*Tras botarlle unha ollada ao plan de estudos do Grao en *** (BOE do 18 de abril de 2011) para tratar de comprender cal podería ser a orixe do problema, infórmoa de que "este plan de estudos ten unha estrutura que, cando menos, cabe cualificar de atípica, pois trátase*

dun plan no que o 5º e último curso inclúe un total de 90 ECTS (10 disciplinas de 6 créditos + 1 TFG de 30 créditos) no canto de 60 ECTS. No aptdo. 5.1.2. Organización das ensinanzas da Memoria xeral do título aparece o Proxecto Fin de Grao (30 ECTS) incluído no cuadrimestre n.º 11, o que resulta contraditorio con que no propio plan de estudos apareza incluído o TFG no 5.º curso sen asignación de cuadrimestre; asignar un 11º cuadrimestre ao TFG viría a recoñecer que este debería desenvolverse no primeiro cuadrimestre dun hipotético e inexistente 6.º curso, cando a realidade é que, sobre o papel, a matrícula no TFG aparece asignada ao 2.º cuadrimestre do 5.º curso.

Os plans de estudos, actualmente en extinción, do Grao en *** das diferentes universidades parecen terse configurado con base nunha interpretación dun acordo do Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007 e da Orde ECI/3586/2007 que establecían que terían unha duración de 300 ECTS e presentación e defensa dun proxecto fin de carreira. Aínda que, ao parecer, a ANECA (organismo que se encarga de informar sobre os plans de estudo que se someten a verificación para a súa ulterior aprobación) entendía inicialmente que a realización do TFG (proxecto de fin de carreira) debería contemplarse dentro dos 300 ECTS, finalmente acabárase admitindo a asignación de créditos adicionais ao TFG para a súa realización e defensa, atendendo aos requirimentos do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos e das escolas de Arquitectura.

Tendo en conta que os créditos europeos (ECTS) se vinculan co tempo de dedicación dun alumno tipo medio á aprendizaxe e avaliación de cada materia (25-30 horas/crédito -25 na UDC), mesmo cumpríndose axeitadamente con eses parámetros (150 horas por cada materia de 6 créditos e 750 horas polo TFG), a dedicación diaria do alumnado matriculado no 5.º curso completo do grao en *** impartido na UDC equivalería a unha xornada laboral dun traballador a tempo completo por conta allea durante o 1.º cuadrimestre (750 horas en total) e a dúas xornadas laborais completas durante o segundo (1500 horas).

Polo que me comenta vostede e polo que observo no Regulamento do proxecto de fin de grao ("Durante o desenvolvemento da docencia do taller do PFG realizaranse cando menos tres sesións de posta en común ao longo de cada semestre académico..."), o proxecto fin de carreira (TFG) na ETSAC está organizado para ser realizado en dous cuadrimestres (proxecto básico e proxecto de execución), o que resultaría contraditorio coa súa condición formal de materia cuadrimestral (2.º cuadrimestre).

Parece claro que se un plan de estudos está formalmente aprobado para ser cursado en cinco anos, debe poder ser realizado integramente nese tempo. Se na práctica iso resulta inviable xorden problemas coa matrícula e coas bolsas, tal e como vostede me indica, e lamentablemente estes problemas acábaos sufrindo o alumnado.

Polo que me comenta, contan vostedes co apoio da Escola, polo que supoño que, chegado o caso, lle posibilitarán a realización íntegra do proxecto no cuadrimestre ao que está asignado (2.º cuadrimestre), tratando de paliar por todos os medios os problemas derivados da configuración do plan de estudos.

Entendo que se vostede consegue superar as materias que está a cursar de ERASMUS, disporía de todo o 2.º cuadrimestre deste curso para realizar e defender o seu proxecto de fin de carreira (traballo de fin de grao) e que tería dereito a iso: está vostede matriculada no TFG no 2.º cuadrimestre e disporía de tempo abondo para poder dedicarlle ao proxecto as 750 horas de traballo que se corresponden cos 30 ECTS do TFG.

Confío en que o problema non sexa que, na práctica, o tempo que precisa dedicar un alumno medio para poder superar o TFG no

*grao en *** supere moi considerablemente o estipulado no propio plan de estudos, o que resultaría totalmente inadmisíble.*

Salvo que haxa algún elemento que se me escapa, moito me temo que a Xunta de Galicia, quen ten que aplicar con carácter xeral os prezos públicos de matrícula que ela mesma aproba anualmente, pouco podería facer para remediar esta situación, que parece estar viciada en orixe.

En calquera caso, esta é unha primeira valoración que lle transmito á vista exclusivamente do plan de estudos. Para poder pronunciarme cun maior coñecemento de causa precisarí coñecer o detalle da resposta dada a esta importante cuestión pola Dirección da Escola e polo Consello de Goberno da Universidade. Se o desexa, pode dicirlles aos seus compañeiros representantes do alumnado no Consello de Goberno que se poñan en contacto comigo para analizar con eles o asunto.

Agardo a súa resposta e calquera outra información ou documentación adicional que puidera enviar, antes de proceder á solicitude de información á Escola e á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

A interesada agradece a resposta e pídeme que antes de dar máis pasos contacte cunha compañeira dela. O 24/10/2016 falo con esta compañeira, quen me comenta que se puxeron en contacto cos profesores do Taller, que estes lles dixeron que ían falar coa dirección do centro para buscar unha solución e que estaban á espera de recibir resposta. Quedamos en agardar a ver que lle respondían e en non dar ningún paso máis desde a nosa oficina mentres non nolo requirisen de novo.

CASO 651/428 Data 26/11/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Matricúlase de 48 créditos e o 14 de novembro, coa matrícula xa paga e o curso moi avanzado, anúncianlle que ten que matricularse dun maior número de créditos, ao non ter a condición de estudante a tempo parcial. Comenta que non pode cursar máis créditos, pois as outras materias que lle restan para rematar os seus estudos constitúen o taller de quinto curso (dúas materias do primeiro cuatrimestre e dous do segundo), de obrigada matriculación conxunta en cada cuatrimestre e o PFC, que na práctica vén supoñer un ano máis de carreira. Estaría a matricularse e a pagar por materias que non pode cursar, co conseguinte incremento do importe da matrícula o curso seguinte. Abunda nos serios prexuízos que toda esta problemática está a causar no alumnado da súa titulación e pide que se lle permita recuperar a súa matrícula parcial inicial dadas estas circunstancias, que se estude a posibilidade de que a Universidade considere a concesión de matrículas parciais sen contar co PFC ou que, no seu defecto, non se considere o PFC dentro dos créditos que contabilizan para a limitación da matrícula, permitindo ao alumno matricularse do resto das materias que lle quedan para rematar sen contar o PFC.
--------------------	--------	---

Inicio: 01/12/2016

Remate: 01/12/2016

Actuacións	Normativa.
Resolución	Analizado o asunto, respóndese á solicitude do interesado por medio do seguinte escrito: <i>Estimado alumno,</i> <i>Unha vez detectados erros na matrícula, a Administración do centro ten a obriga de comunicarllo ao interesado para corríxilos e axustarse ás normas en vigor: Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao, aprobada polo Consello de Goberno da UDC o 29 de maio de 2012 e Normativa de xestión académica para o curso 2016/2017. Porén, parece claro que se non estiveron activados os oportunos filtros informáticos no proceso de matrícula e, ademais, a matrícula chega a formalizarse</i>

e o alumno non recibe notificación ata mediados de novembro, a Universidade debería procurar dar as máximas facilidades para evitar ou, cando menos, minimizar os prexuízos que se derivan. Aínda que non podo garantirlle cal sería o resultado, ten vostede dereito a presentar unha reclamación directamente ante o reitor, alegando que a excesiva tardanza na comunicación lle impide xa solucionar o asunto con materias do primeiro cuatrimestre e que a solución con materias do segundo cuatrimestre resulta, no seu caso, especialmente gravosa para os seus intereses académicos e económicos. Así, a especial configuración que ten o plan de estudos do Grao en *** da Universidade da Coruña, que forza ao seu alumnado a ter que matricularse simultaneamente das materias que configuran un mesmo taller e que inclúe un 5.º curso de 90 créditos ECTS (10 disciplinas de 6 + 1 TFG de 30), dos que 60 (o equivalente a unha dobre xornada laboral) figuran na matrícula do 2.º cuatrimestre, engaden unha importante dificultade adicional para unha solución tan tardía ao problema da matrícula. Corresponde, en primeiro lugar, ao director da ***, na súa calidade de membro do Consello de Goberno, intentar que se recolla unha excepcionalidade na norma xeral sobre o réxime de dedicación do estudo para evitar os prexuízos que a súa aplicación está a causar no alumnado do seu centro por mor da singularidade do plan de estudos. Descoñezo se isto se fixo ou non no momento en que a norma foi sometida a aprobación polo Consello de Goberno. A día de hoxe o asunto do número mínimo de créditos de matrícula parece difícil de resolver, cando menos a curto prazo, pois no Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016 acaba de aprobarse unha nova proposta de norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario, na que se mantén a esixencia de matrícula en máis de 48 créditos para os estudantes a tempo completo, e esta nova norma está a piques de ser aprobada tamén polo Consello Social, quen ten, por lei, as competencias en materia de permanencia. No que se refire ao proxecto de fin de carreira (TFG), o asunto parece xa inviable, toda vez que o plan de estudos foi formalmente aprobado (BOE do 18 de abril de 2011). En todo caso, debe ter vostede presente que un crédito ECTS se corresponde con 25-30 horas de traballo polo alumnado (25 na UDC), polo que en ningún modo se lle podería esixir a un alumno medio unha dedicación superior a 750 horas para a realización do seu proxecto (o equivalente a unha xornada laboral completa durante un cuatrimestre dedicado ao proxecto en exclusiva).

Como solución parcial de carácter máis inmediato entendo que seguramente podería vostede matricularse por este curso dunha materia optativa de 4,5 créditos a maiores dos 18 créditos que lle son esixibles no plan de estudos para este tipo de materias. Deste xeito cumpriría por este curso coa norma que establece a necesidade de matricularse de máis de 48 créditos cando non se dispón da condición de estudante a tempo parcial, e non tería que volver matricularse desa materia no próximo curso.

O órgano do valedor universitario carece de capacidade executiva e non pode suplir os papeis que corresponde inicialmente desempeñar a outros axentes (membros da xunta de centro, membros do Consello de Goberno...). Tanto sobre as dificultades organizativas relativas aos talleres como sobre a, cando menos, atípica configuración do 5.º curso do plan de estudos do Grao en *** en extinción –que na práctica fai inviable o remate dos estudos en cinco cursos–, xa me teño pronunciado en detalle en diversos informes e escritos dos que teñen constancia na Reitoría.

CASO 661/438 Data 26/04/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Rematou os seus estudos dunha titulación do antigo sistema de ordenación universitaria no curso académico pasado e estivo a piques de non poder defender o seu proxecto fin de carreira en prazo. Levaba varios anos bastante desligado da Universidade por mor do traballo e ninguén o avisou de que estaba xa moi preto da data límite para a extinción da súa titulación. Puido salvar a súa situación e conseguir o título grazas á excepcional disposición do seu titor e á axuda do persoal administrativo, e para evitar que lle volva suceder a outras persoas solicita "que se notifique a todo o alumnado matriculado nunha titulación que se extinguirá no curso actual as datas da última oportunidade para conseguir a súa titulación."
Inicio: 05/05/2017		
Remate: 19/05/2017		
	Actuacións	Administración de varios centros e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	<p>Tras recibir a solicitude, puxémonos en contacto coas administracións dos centros implicados para interesarnos porque o acceso a este tipo de información fose o axeitado (publicación na web e no taboleiro dos centros, consulta á Administración...).</p> <p>Contactamos co xefe de Servizo de Organización Académica para solicitarlle a implantación dun mecanismo de aviso automático dos prazos de extinción a todo o alumnado que se matricula en calquera plan de estudos dunha titulación en extinción, tanto do antigo como do novo sistema de ordenación universitaria.</p> <p>O 19/05/2017 envío ao interesado o seguinte correo:</p> <p><i>Estimado Sr.,</i></p> <p><i>Comentei co xefe do Servizo de Organización Académica da UDC a importancia de que o alumnado dos plans de estudo de titulacións en extinción estea perfectamente informado da data de remate.</i></p> <p><i>Falamos de que unha boa medida podía ser a inclusión da dita información no impreso de matrícula desas titulacións. Aínda que as últimas titulacións do anterior sistema de ordenación universitario en extinción teñen xa neste curso as súas últimas convocatorias (agás para a presentación do proxecto de fin de carreira en cinco delas), a información podería ser tamén de grande utilidade para os graos e especialmente para os mestrados (carácter xeralmente máis efémero) no momento en que se vexan inmersos nun proceso de extinción.</i></p> <p><i>O xefe de servizo agradeceu a recomendación e quedou en falar co Servizo de Informática para ver como implementar a dita medida.</i></p> <p><i>Grazas de novo pola súa preocupación.</i></p>

CASO 663/438 Data 15/05/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	A día 15/05/2017 non efectuara aínda ningún pagamento de matrícula. Pide que se lle permita realizar os exames e pagar de maneira fraccionada no que resta de curso. Quéixase do trato dado pola administradora do centro, advertindo ao profesorado de que non podía ser examinada nin cualificada por falla de pagamento e da indiscreción cometida por un profesor que a avisou desa situación a través dunha compañeira (presenta notificación do profesor á compañeira e posterior escrito de desculpas deste).
Inicio: 19/05/2017		A pesar de que xa a finais do 1.º cuatrimestre lle fora notificada a desistencia de matrícula pola Administración do centro, figuraba en actas e foi cualificada en varias materias. Procederíase á anulación das actas.
Remate: 01/07/2017		
	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Por todo documento notificando dificultades económicas, a interesada achégame unha fotocopia dun escrito (manuscrito) asinado por ela o 20 de outubro de 2016, sen que figure por

ningún lado o destinatario, en que tras identificarse co seu nome e DNI recolle exclusivamente “debido a problemas económicos no he podido pagar el plazo de matrícula en el período establecido, y me comprometo a pagarlo cuando me sea posible, posiblemente en las primeras semanas de noviembre.”

Tendo en conta que o prazo para a solicitude de axudas para o estudantado da UDC en situación de dificultades económicas remataba o 30/05/2017, o 19/05/2017 solicito unha análise da situación ao Servizo de Ordenación Académica.

O 26/05/2017, o xefe do Servizo de Organización Académica avánzanos que, analizada a situación, hai razóns de peso polas que a desistencia da matrícula debe ser efectiva. O 30/05/2017 remíteme un detallado escrito en que se concretan as diferentes notificacións que lle foron efectuadas á alumna (con xustificante de recepción), así como as advertencias da Administración de que de non regularizar a súa situación non podía examinarse e a desistencia da súa matrícula faríase efectiva. A alumna sempre fixo caso omiso das notificacións e das advertencias, nunca presentou alegacións e, pola contra, seguía intentando realizar os exames.

O 01/06/2017 envíounha copia do informe do xefe do Servizo de Organización Académica á interesada e, sobre a cuestión da matrícula, comunicolle que a Universidade da Coruña, en tanto que Administración pública, ten a obriga de xestionar adecuadamente os recursos económicos que, na parte de ingresos que corresponde satisfacer directamente ao alumnado, vén estipulada no Decreto 80/2016, do 23 de xuño da Xunta de Galicia, que a Normativa de xestión académica da UDC para o curso 2016/2017 recolle no seu artigo 13.3 os prazos en que a/o estudante debe efectuar o pagamento da súa matrícula, así como as consecuencias derivadas da falta de pagamento, e que o 21 de outubro de 2016, a UDC publicou unha convocatoria de axudas para o estudantado en situación de dificultades económicas no curso 2016/2017, para concluír que “Tendo en conta que toda esta información está dispoñible e é facilmente accesible na páxina web da UDC, que as persoas interesadas son tamén informadas na Administración dos centros, que proporcionan calquera tipo de aclaración ou información adicional que se lles solicite, e que vostede non atendeu a ningún dos requirimentos da Administración nin achegou ningún tipo de documentación acreditativa das súas dificultades económicas ao longo de todo o curso, debo comunicarlle que, por moito que lamento a súa situación persoal, non dispoño de argumentos para apoiar unha posible excepcionalidade á norma forzando un proceder da Administración que, no tocante ao cobramento e á desistencia da súa matrícula, parece axustado a dereito.”

A respecto da divulgación da súa situación pola administradora do centro, indícolle que “se a persoa responsable da Administración traslada a información ao profesorado dun modo discreto non habería nada que obxectar, pois o profesorado debe coñecer a situación para actuar en consecuencia (realización de exames, cualificación) e evitar problemas de índole administrativa.”

En relación coa actuación do profesorado indícolle: “da documentación que vostede achega, aprecio que só no caso do profesor *** parece terse cometido unha indiscreción movido polo ánimo de axudala. Aínda que cadaquén, en función das súas particulares circunstancias e do seu modo de entender as relacións interpersoais, pode percibir con maior ou menor intensidade un sentimento de ofensa ou de atentado contra a súa honra, como valedor universitario, penso que a clara petición de desculpas deste profesor, a súa expresa manifestación dun profundo desgusto polo sucedido e a súa aberta disposición a proporcionarlle as explicacións que vostede lle pida merecerían ser consideradas como suficientes.”

Reclamante: Alleo	Motivo	Graduado italiano que quere preinscribirse en tres mestrados da UDC e nos tres está tendo problemas burocráticos. Solicita que se clarifique e se solucione a situación.
Inicio: 10/07/2017	Actuacións	Vicerreitoría de Organización Académica e Innovación Docente, Servizo de Organización Académica, coordinación de mestrados e Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.
Remate: 19/07/2017	Resolución	<p>Os escritos presentados polo interesado amosan diferencias no contido e no momento da achega da documentación requirida, segundo o mestrado. Vista estaa documentación e a normativa de aplicación, e tras conversar con diversos axentes implicados e mediar na procura dunha solución aos problemas aos que se enfronta ese potencial alumno, envío o seguinte escrito de análise e recomendacións dirixido á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente:</p> <p><i>Estimada vicerreitora,</i></p> <p><i>A raíz dunha queixa presentada por unha persoa cun título de grao obtido nunha universidade italiana, que solicita ser admitida en varios mestrados impartidos en distintos centros da UDC, percibo que non existe homoxeneidade na documentación que se lle está a esixir por parte das administracións dos distintos centros durante o período de preinscrición: tradución ou non de documentos, esixencia ou non de remisión de documentos compulsados durante a fase de preinscrición ou mesmo esixencia (nun primeiro momento) de copia do pasaporte como documento de identificación persoal.</i></p> <p><i>Parece, pois, necesario clarificar diversas cuestións relativas á presentación de documentación polas persoas con titulacións estranxeiras que desexen acceder a algún dos mestrados universitarios que se están a impartir na nosa universidade.</i></p> <p><i>Ademais de que unha información correcta e homoxénea por parte das administracións dos distintos centros resulta moi importante para a imaxe da institución, unha mellora na información e un alixeiramento de trámites na fase de preinscrición –na medida do posible–, poderían resultar moi beneficiosas para a captación de posibles estudantes estranxeiros e, polo tanto, tamén para a UDC (internacionalización, captación de recursos, alivio na carga de traballo do persoal das administracións...).</i></p> <p><i>Como valedor universitario non podo máis que apoiar que desde a administración universitaria se extreme o celo en verificar que toda persoa que acabe por matricularse nun mestrado universitario na UDC o faga cumprindo con todos os requisitos legais esixibles para tal efecto. Porén, na medida en que sexa posible, entendo que unha excesiva rixidez no tipo de documentación que se debe achegar xa na fase de preinscrición ou unha completa e pormenorizada verificación formal da autenticidade da documentación (cotexo cos orixinais, documentos compulsados) conviría que fosen adiadas e condicionar, daquela, a admisión no mestrado á achega de toda a documentación necesaria durante o proceso de matriculación. Se, poñamos por caso, un estudante, ademais dun certificado de estudos nunha lingua que non precisa de tradución oficial, presenta unha copia do SET na que figura que acadou o grao nun determinado país do EEES, non debería ser suficiente para recoñecer que, académicamente, vai poder formalizar a súa matrícula no máster de ser admitido no proceso de selección, e máis se no propio SET figura explicitamente recollido que ese título lle dá acceso no seu país aos estudos de nivel de mestrado do proceso de Boloña?</i></p> <p><i>Unha parte importante do tempo de traballo do persoal da Administración dun centro dedícase lamentablemente a ter que dar resposta a persoas que se dirixen innecesariamente a ela dun modo reiterativo e, ás veces, ata compulsivo, sen mesmo</i></p>

molestarse en mirar as normas, pero estou tamén convencido de que, en ocasións son a presenza dalgún defecto, a falla de claridade ou a complexidade das normas, as que poden estar na orixe dunha parte do problema. Cada vez hai máis estudantes estranxeiros que tratan de preinscribirse en moi diversos mestrados e universidades e, finalmente, acaban por matricularse só nun deles, perdéndose polo medio moitas horas de traballo da Administración. Se aos posibles candidatos a preinscribirse lles queda clara cal é a documentación que forzosamente terían que achegar ao centro no caso de seren admitidos no mestrado (mesmo para reforzalo poderíaselles pedir, talvez, que asinen unha declaración xurada de que así o farán se son elixidos e deciden matricularse), serían moi poucos os casos frustrados de entre os admitidos que levarían a tirar da listaxe de agarda por non ser quen de presentar a documentación requirida, comparado coa cantidade de casos frustrados de estudantes admitidos que non chegan a matricularse como consecuencia lóxica da súa elección entre varios mestrados nos que foron admitidos a un tempo. Ademais de facilitar os trámites aos candidatos, a comprobación formal da autenticidade de toda a documentación necesaria para poder matricularse limitárase entón ao alumnado inicialmente admitido que optase finalmente por matricularse, alixeirando así de carga de traballo á administración.

Unha última cuestión que me preocupa garda relación coa reserva dun 30% de prazas para estudantes universitarios estranxeiros e máis coa prioridade dos españois en caso de presentarse nos prazos xerais, que se recolle na Normativa de xestión académica para o curso 2017/2018. Aínda que entendo como algo moi positivo facilitar e potenciar o acceso de alumnado estranxeiro á nosa universidade, xórdeme a dúbida de se isto non podería estar a interferir con algún dereito á libre mobilidade dos cidadáns entre os diferentes países que integran o EEES, que permitise como únicas restricións a adecuación do título esixible para o acceso ao mestrado (o grao) e os principios de capacidade e mérito das persoas graduadas, independentemente do país de procedencia, propio ou alleo.

Na medida en que algunha das cuestións suscitadas, especialmente na parte inicial deste escrito, se puidesen arranxar durante o prazo de reclamacións, mesmo de oficio de darse o caso de erros que puidesen ser imputables a algunha das administracións ou das comisións de selección dalgúns mestrados, sería desexable que así se fixese da maneira máis flexible posible, condicionando en todo caso a admisión a que no momento da matrícula se acheguen todos os documentos que proporcionen a necesaria garantía xurídica.

Son consciente de que todos os procedementos administrativos teñen un marco de regulación do que non se pode saír. Só pido homoxeneidade de criterios na aplicación do procedemento e que este se flexibilice ao máximo ata onde sexa posible sen perda das necesarias garantías xurídicas.

Grazas pola súa colaboración.

CASO 666/443 Data 13/07/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Alumna estranxeira, con serias dificultades económicas, que tras sufrir un accidente e despois dunha baixa por maternidade retoma os seus estudos de mestrado. Do curso anterior quedáballe pendente a presentación duns traballos para superar catro materias e a preparación do TFM. No curso actual matriculouse só do TFM, pensando que coa presentación dos traballos nas outras materias xa non tiña que matricularse de novo delas.
Inicio: 18/07/2017		
Remate: 12/09/2017		Cando a coordinadora do mestrado, profesora dunha das catro

materias, vai cubrir as actas da súa materia, percibe que a alumna non figura nelas e descobre que só está matriculada no TFM. Solicita que se lle conserve o pagamento da matrícula no TFM, aínda que sexa para o próximo curso, tendo que aboar só o pagamento do resto das materias.

Actuacións	Coordinadora do mestrado, Servizo de Organización Académica, Dirección e Administración do centro.
Resolución	<p>Tras falar coa Administración do centro e analizar a documentación, confírmase que a alumna formalizou e pagou unha matrícula que nunca podería chegar a serlle efectiva. O artigo 1.3 da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM recolle: "Para poder formalizar a matrícula do TFM será requisito imprescindible matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do mestrado".</p> <p>Aínda que o descoñecemento da norma non exige do seu cumprimento, non se aprecia mala fe por parte da alumna, quen nunca podería tirar beneficio desa acción e, pola contra, resultaría ser a única prexudicada, por terse matriculado e pagado a matrícula só no TFM (mesmo con recargos), sen que iso lle dera ningunha opción a poder defendelo e rematar os seus estudos. Por outra banda, entendo que a responsabilidade recae igualmente na propia administración universitaria, pois finalmente o sistema permitiu á alumna matricularse en contra da norma, e mesmo non parece térselle advertido en ningún momento de que a súa matrícula carecía de efectividade, a pesar de que en varias ocasións a Administración do centro se dirixiu a ela para reclamarlle o pagamento dalgúns dos prazos da súa matrícula no TFM.</p> <p>Tanto por parte da coordinación do mestrado como do decanato, amósanse favorables a unha das dúas solucións de carácter excepcional que, tras falar coa interesada, decido propoñer e defender abertamente (admisión de matrícula fóra de prazo nas demais materias ou desistencia de matrícula con devolución de importe no TFM). Concédesele, finalmente, a desistencia na matrícula do TFM, coa devolución do importe pagado.</p>

CASO 672/449 Data 27/08/2017

Reclamante: Alumno Motivo Matriculouse nun programa de simultaneidade e pasóuselle o primeiro prazo para o pagamento fraccionado da súa matrícula (04/08/2017 a 14/08/2017). O 27/08/2017, cando se dirixe a aboar o importe dese prazo, indícanlle que ten que pagar un recargo de 30 euros. Alega motivos de traballo, considera inxusto que lle apliquen o recargo e di que non quere pagalo porque está aberto aínda o período de matriculación.

Actuacións	Normativa.
Resolución	<p>Informáselle ao reclamante de que na Administración dos centros están suxeitos á aplicación da Normativa de xestión académica da UDC, en cuxo artigo 10.3 b) se recolle que en caso de elixir o pagamento fraccionado pagarase o 1.º prazo nos dez días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula, e que se imporá unha recarga de 30 euros, en concepto de gastos de xestión e tramitación, en caso de existir un atraso no pagamento dos prezos públicos que se deban satisfacer.</p>

Curso 2015/2016

CASO 609/386 Data 11/09/2015

Reclamante: Alumna Motivo Solicita a intervención do valedor universitario co fin de que lle amplíen o prazo para o depósito da memoria de tese de

Inicio: 12/09/2015
Remate: 14/09/2015

doutoramento (programa de acordo co RD 1393/2007) ou, no seu defecto, que se lle posibilite a adaptación a un novo programa de doutoramento.

Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento.
Resolución	Tras analizar a normativa ao respecto e falar coa responsable da Sección de Estudos de Doutoramento, comunícaselle: a) Que o prazo para a defensa vén fixado polo RD 99/2011 e remata o 11 de febreiro de 2016 e é improrrogable. As universidades carecen de potestade para a súa ampliación. b) Que a adaptación a un novo programa, de acordo co “Procedemento para posibilitar a adaptación dos/as estudantes de programas de doutoramento en extinción a programas de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011”, do 7 de xullo de 2015 da UDC, require da existencia dun programa afín en vigor. c) Que está a piques de reunirse a Comisión de Doutoramento para tratar da posibilidade de ampliar por dúas ou tres semanas máis o prazo para o depósito das memorias de tese (fixado no 30 de setembro), pero que debe ser consciente de que, en todo caso, a ampliación dese prazo está supeditada a poder garantir todos os demais trámites necesarios para que a defensa das teses de doutoramento de programas en extinción se efectúe dentro dos límites establecidos polo RD 99/2011 (11 de febreiro de 2016).

CASO 611/388 Data 06/10/2015

Reclamante: Allea
Inicio: 06/10/2015
Remate: 07/10/2015

Motivo A interesada é admitida, xunto co seu cónxuxe, como nova alumna na Universidade Senior. Cando consultan a listaxe de admitidos xa rematara o prazo de matrícula. Tras intentar solucionar o problema, comunicanlle que xa non teñen dereito a praza nin como oíntes. Considera que tiveron un trato discriminatorio, pois outros alumnos foron avisados telefonicamente e eles non, e pregunta pola posibilidade dunha solución para este curso.

Actuacións	Universidade Senior.
Resolución	Informo á interesada de que o número de prazas de que dispón a Universidade Senior é limitado, e que, polo tanto, debe seguirse un procedemento que recolla a igualdade de oportunidades para quen desexe matricularse. Sinálolle que o calendario para o curso 2015/16 é de coñecemento público, que na listaxe de admitidos se fai público o resultado do sorteo e os prazos para realizar a matrícula, ao tempo que se notifica que “os/as alumnos/as que fixeran a solicitude e non obtiveran praza pasan a formar parte dunha listaxe de agarda”, e que nesa listaxe de agarda debe manterse a orde alfabética para seguir respectando a igualdade de oportunidades. Comunícolle, por último, que “Como valedor universitario non podo máis que velar porque todo o proceso de admisión e matrícula se efectúe de acordo cun procedemento transparente que cumpra coa legalidade establecida e coa normativa da UDC, polo que, salvo que se producise algún erro ou vicio na aplicación do procedemento establecido que levara á admisión e matrícula dalgún/ha estudante con menor dereito que vostedes, non resulta xa previsible que gocen de novas oportunidades para este curso. No caso de que vostedes consideren que si puido terse producido algún erro ou defecto nese senso que lles teña prexudicado, non dubiden en poñerse de novo en contacto comigo, presentando unha reclamación apoiada en datos concretos” Ao non terse recibido ningún tipo de resposta dáse por pechado o asunto.

CASO 614/391 Data 02/11/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Unha vez admitida nun programa oficial de doutoramento comunicánlle que estaba excluída desde un principio por un erro ao confeccionar as listaxes de admisión. Quéixase por non ter recibido ningunha explicación por escrito da súa suposta exclusión e pide unha solución a un asunto que lle ocasionou serios problemas (cambio de domicilio, renuncia e cambio de traballo...)
Inicio: 03/11/2015		
Remate: 10/11/2015		
	Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento e UADI do centro.
	Resolución	Comunicáselle a interesada que desde a Sección de Estudos de Doutoramento e desde a UADI do centro informan que, tras analizar o caso na Comisión Académica do Programa de Doutoramento, vén de serlle remitido un escrito de resolución. Comunicáselle, así mesmo, que unha vez presentada a reclamación por outras vías non procede a intervención do valedor universitario, de acordo co estipulado no artigo 16.3 do regulamento deste órgano, pero que, en calquera caso, se unha vez recibido o referido escrito de resolución o considera preciso e oportuno, pode poñerse de novo en contacto coa nosa oficina.

CASO 615/392 Data 09/11/2015

Reclamante: Alumnas	Motivo	Tras solicitaren ser admitidas nun programa de doutoramento resultan excluídas xunto con outros solicitantes por non cumprir con requisitos que non figuraban recollidos nas bases da convocatoria (pertencer a un grupo de investigación con anterioridade á solicitude de preinscrición) e habendo prazas dispoñibles. Na notificación de exclusión non se indica nin o prazo, nin a instancia ante a que presentar a oportuna reclamación.
Inicio: 10/11/2015		
Remate: 16/11/2015		
	Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento.
	Resolución	Como queira que as interesadas presentaron unha reclamación por outras vías, comunícolles que debo absterme de intervir de acordo co artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, ao tempo que lles notifico que recibirán resposta da Escola de Doutoramento, pero que seguramente se demorará aínda un tempo pois deben emitir informe as persoas responsables do programa de doutoramento antes de pronunciarse ao respecto. Sinálolles, así mesmo, que como parte interesada, poden contactar cando o desexen coa Sección de Estudos de Doutoramento onde as informarán directamente do estado do expediente. Transcorridos case catro meses sen que se solucione o asunto, as interesadas contactan de novo coa nosa oficina. A xefa da Sección de Estudos de Doutoramento comunícanos que o asunto está a ser analizado pola Asesoría Xurídica da UDC, o que poñemos en coñecemento das interesadas, a quen notificamos que, de persistir o problema, unha vez ditada a correspondente resolución, pasaríamos a estudalo na nosa oficina na procura dunha solución que permita desbloquear o proceso.

CASO 624/401 Data 09/03/2016

Reclamante: Alleo	Motivo	Ten superadas as probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos e non conseguiu matricularse nun centro da UDC, a pesar de estar estudando xa noutra universidade. As razóns que lle aduciron son que non llo permite o programa informático porque debería ter feito a selectividade.
Inicio: 09/03/2016		
Remate: 12/04/2016		
	Actuacións	Normativa e delegado do reitor da UDC na CIUG.
	Resolución	Unha vez vistos os requirimentos para presentarse ás probas de acceso para maiores de 25 anos, tanto na UDC como noutras universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e doutras comunidades autónomas, e visto o que se recolle explicitamente

na páxina web da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), aprecio que en todas elas se recolle que para poder realizar as probas para maiores de 25 anos requírese non estar en posesión de ningunha titulación académica que habilite para acceder á Universidade por outras vías. Así, solicito ao interesado que me informe da data en que rematou o seu bacharelato e mais a data e a comunidade autónoma onde superou as probas de acceso para maiores de 25 anos.

Tras unha consulta ao delegado do reitor da UDC na CIUG, envíolle a resposta ao interesado, ao tempo que lle comunico que todo parece indicar que a denegación do acceso pola vía de maiores de 25 anos, estando en posesión do título de bacharel, garda relación co feito de que a finalidade das probas de acceso para maiores de 25 anos é a de permitir o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos que non posúan o título de bacharel, tal e como aparece recollido no artigo 29 da Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do SUG.

Coméntolle, igualmente, que de estar aberta a posibilidade de acceso para maiores de 25 anos a calquera persoa, independentemente da titulación que posúa, estaríase a desvirtuar, e a facer inviable na práctica, a finalidade deste tipo de acceso, para o que se reserva unha pequena porcentaxe das prazas.

Comunicolle, por último, que, en calquera caso, se lle queda algunha dúbida sobre os motivos polos que foi rexeitada a súa matrícula nun centro da UDC, pode solicitar aclaracións nun escrito dirixido ao seu decano.

CASO 627/404 Data 04/04/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Renuncia a cursar un título propio (mestrado) e reclama a devolución do prezo xa pagado (o 50% do importe total). Sustenta a súa reclamación alegando que para validar a súa matrícula se lle reclama, catro meses despois, un documento que inicialmente non se lle pedira (diploma oficial da titulación que lle daría acceso ao mestrado).
Inicio: 04/04/2016		
Remate: 06/04/2016		

Actuacións	Normativa e Administración do título propio.
Resolución	<p>O Regulamento de estudos propios de posgrao da UDC recolle que “A anulación da matrícula, antes do comezo das aulas, poderá solicitarse mediante escrito razoado dirixido ao director do curso no prazo máximo de 15 días despois de finalizado o prazo de matrícula.” (art. 35.1), e que “...os alumnos con titulación non homologada deberán acompañar a súa solicitude de autorización do reitor cun informe do director do curso de posgrao sobre a adecuación da titulación presentada e a súa equiparación cunha titulación superior española, así como coa documentación que a UDC estableza.” (art. 11).</p> <p>Con data de 25 de febreiro de 2016, o xefe do Servizo de Organización Académica remite ao director do mestrado a listaxe de preinscritos con autorización de matrícula, na que o interesado figura como pendente de completar a documentación para proceder a validar a súa matrícula, ao carecer do documento “Solicitude Autorización Reitor (art. 11 do REPP)”.</p> <p>Segundo o escrito do director do mestrado, do 3 de marzo de 2016, en que solicita que quede sen efecto a matrícula do interesado de acordo co artigo 35 do regulamento, teríasele concedido un fraccionamento do pago, debendo facer efectivo o primeiro prazo (50%) o 11 de novembro de 2015 e o segundo prazo (o outro 50%) con data máxima do 11 de xaneiro de 2016. O primeiro pago aboouse en prazo e o segundo non chegou a ser</p>

aboado a pesar de realizárense diversos requirimentos unha vez vencido este e mesmo térselle prorrogado ata o 1 de marzo de 2016.

Desde a Oficina do Valedor Universitario remítese un informe razoado ao reclamante, no que se conclúe:

Tendo en conta que o prazo para a reclamación da devolución do importe da matrícula estaría xa vencido, e considerando, ademais, que a solicitude de autorización ao reitor cun informe do director do curso de posgrao sobre a adecuación da titulación presentada e a súa equiparación cunha titulación superior española é un requisito necesario para os alumnos con titulación non homologada (art. 11 do precitado regulamento), a súa solicitude de devolución do importe xa pagado semella improcedente. Non obstante, de existir algunha outra cuestión que se me puidera estar a escapar, pediríalle que ma documentara para eu dispoñer de todos os elementos necesarios para a valoración do seu caso.

En calquera caso, debo notificarlle que o órgano do valedor universitario que represento non ten capacidade executiva, e que se vostede segue a considerar que lle asiste a razón e que aínda ten dereito á devolución do importe pagado, debería presentar un recurso dirixido ao reitor, claramente motivado e documentado."

CASO 632/409 Data 12/05/2016

Reclamante: Repres. do alumnado	Motivo	A primeiros de maio o alumnado recibe un correo electrónico cunhas novas instrucións en relación coa defensa dos traballos de fin de grao, nas que se inclúe, por primeira vez, a obriga de realizar un pagamento adicional de 180,00 euros pola denominada taxa de defensa do TFG. A pesar da oposición manifestada polos representantes do alumnado, a dirección do centro (adscrito), insiste en que é preciso aboar esa nova taxa para poder defender o TFG.
Inicio: 12/05/2016		
Remate: 13/05/2016		
	Actuacións	Representante do alumnado que encabeza o escrito de reclamación.
	Resolución	Vista a documentación que os representantes do alumnado remitiron á nosa oficina, todo parecía indicar que, por moi xustificadas que puideren resultar as razóns de indole económica, non podía esixirse ao alumnado o aboamento adicional dunha cantidade non prevista no momento en que realizaron a súa matrícula. Comuniquei verbalmente ao alumno que encabezaba o escrito de queixa que estimaba que o asunto talvez puidese arranxarse rápida e amigablemente volvendo falar el co director do centro e comentándolle ese meu parecer inicial a partir da análise dos documentos que eles puxeran ao meu alcance. Do contrario, unha vez que recibisen resposta formal ás súas demandas, podían dirixirme unha queixa para eu tratar o tema en profundidade. O 13/05/2016, o representante do alumnado comunicame que, tras unha reunión da xunta de dirección, viña de recibir comunicación directa por parte do director notificándolle que a taxa para a defensa dos TFG foi retirada por decisión colexiada.

CASO 633/410 Data 18/05/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras ser inicialmente admitido nun programa de doutoramento, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento acorda a súa non-admisión por non ter superado un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto dos estudos universitarios oficiais dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado.
Inicio: 20/05/2016		
Remate: 07/06/2016		
		Cursou as seguintes titulacións de Música: profesor de Piano (1.º ciclo), profesor de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e

Acompañamento (1.º ciclo), profesor superior de Piano (2.º ciclo), profesor superior de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (2.º ciclo) e profesor superior de Música de Cámara (2.º ciclo), o que está equiparado por lei a unha licenciatura universitaria. A calquera licenciado universitario lle equiparan cada curso a 60 ECTS mentres que el acreditou debidamente que as titulacións superiores de música non son de 5 anos, senón de 10 ou máis. Dado que por lei é licenciado universitario para todos os efectos e que a primeira vez que se equipararon os seus estudos de música aos estudos universitarios non existía ningunha licenciatura de menos de 5 anos, ten que ter os mesmos dereitos que os licenciados e, polo tanto, tería os 300 créditos, dos cales 60 teñen que ser equiparados a nivel de mestrado.

Considera que está en posesión non dunha, senón de cinco licenciaturas, tres delas con máis de 300 ECTS cada unha, sendo polo menos 60 deles pertencentes ao 2.º ciclo en cada unha delas e que, polo tanto, reúne máis que todos os requisitos esixidos pola normativa oficial da UDC para continuar os estudos de doutoramento.

Tras facer referencia explícita á Universidade Complutense de Madrid, sinala que noutras universidades os estudos superiores de Música teñen, como corresponde, o mesmo recoñecemento que outros licenciados e, polo tanto, as mesmas condicións de acceso aos estudos de doutoramento.

Actuacións	Normativa e Escola Internacional de Doutoramento.
Resolución	<p>Tras analizar polo miúdo a lexislación e demais normativa de aplicación, na Oficina do Valedor elaboramos un detallado informe que se remite ao interesado, con copia ao director da Escola Internacional de Doutoramento. No informe, ademais de recoller os fundamentos de dereito que, entendo, gardan relación co caso, realízanse as consideracións que deseguido se recollen:</p> <p><u>Consideracións sobre os requisitos de acceso</u></p> <p><i>Os requisitos de acceso ao doutoramento que se recollen no art. 6 do Real decreto 99/2011 e no art. 2 do RD 43/2015 que modifica o apdo. 6.1 do referido RD son requisitos mínimos que deben ser cumpridos por todas as universidades do Estado. As comisións académicas dos programas de doutoramento mesmo poden establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión dos seus estudantes (art. 7 do RD 99/2011).</i></p> <p><i>Tanto a primeira redacción do art. 6.1 do RD 99/2011 (cando os títulos españois de grao eran todos de 240 ECTS) como a súa modificación polo RD 43/2015 marcan claramente a esixencia, con carácter xeral, de ter superado un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto dos estudos universitarios oficiais, dos que cando menos 60 serán de mestrado, para acceder aos estudos de doutoramento.</i></p> <p><i>Ao recoller o RD 99/2011 o acceso aos estudos de doutoramento para os titulados conforme sistemas de ordenación universitaria españois anteriores ao RD 1393/2007 que estean en posesión do título de doutor, que teñan superados polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde, que teñan acadado o Diploma de Estudos Avanzados de acordo co RD 778/1998 ou que teñan acadado a suficiencia investigadora regulada no RD 185/1985, estase, en definitiva, a indicar que non abonda necesariamente con cumprir co requisito de estar en posesión dun título de licenciado para acceder aos estudos de doutoramento.</i></p> <p><i>Os titulados universitarios posuidores de titulacións anteriores ás reguladas no RD 1393/2007 poden tamén acceder directamente aos estudos de doutoramento sen necesidade de dispor deses estudos complementarios, pero nese caso deben cumprir co requisito de ter superado un mínimo do equivalente a 300 ECTS no</i></p>

conxunto de estudos universitarios, dos que, cando menos, 60 serán de nivel de mestrado, e queda a criterio de cada universidade a determinación desas equivalencias de conformidade coa súa normativa específica.

Os criterios adoptados pola Escola Internacional de Doutramento da Universidade da Coruña parecen coherentes tanto co fondo como co espírito da norma, ao considerar que un curso completo de estudos universitarios das anteriores titulacións equivale a un curso completo dos actuais estudos de grao ou de mestrado (60 ECTS), e que 60 créditos do 2.º ciclo dunha titulación de 1.º e 2.º ciclo ou de só 2.º ciclo poden ser considerados como de nivel de mestrado.

Consideracións sobre a equivalencia de titulacións

No artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990 recoñécese por primeira vez a equivalencia para todos os efectos entre o título superior de Música e o de licenciado universitario.

Os títulos de profesor superior de Música, en calquera especialidade, expedidos de conformidade co Decreto 2618/1966, do 26 de outubro, sobre regulamentación xeral dos conservatorios de música, son equivalentes aos títulos superiores de Música, e estes, á súa vez, son equivalentes, para todos os efectos, aos de licenciado universitario.

Segundo estes criterios, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña recoñece a *** a equivalencia ao título de licenciado universitario máis sinálalle que **“a equivalencia recoñecida do seu título a unha licenciatura universitaria non abonda para acceder aos estudos de doutoramento”** e que **“deberán cumprirse os requisitos que permiten establecer nos seus estudos unha equivalencia a 300 créditos ECTS dos que 60 créditos do 2.º ciclo, fosen de nivel de mestrado”**.

Consideracións sobre as equivalencias de créditos

Tanto pola configuración en tres graos (elemental, medio e superior) como pola duración de cada un deles, e mais polos requirimentos de acceso ao grao superior, parece claro que son estes últimos os únicos estudos de música que poden considerarse como equivalentes aos estudos universitarios para efectos do cálculo da equivalencia a 300 ECTS.

Pola desigual configuración dos estudos de música e dos estudos universitarios realizados conforme sistemas de ordenación anteriores ao RD 1393/2007, no momento en que se promulga a Lei orgánica 1/1990 de ordenación xeral do sistema educativo, podería pensarse nunha equivalencia directa de cargas lectivas entre o título superior de Música e o título de licenciado universitario, ao seren considerados estes equivalentes para todos os efectos. Porén, as equivalencias na carga lectiva deben ser necesariamente establecidas dun modo concreto en cada caso, pois a raíz do RD 1497/1987 do 27 de setembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns aos plans de estudo das titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, o título de licenciado universitario respondía a unha estrutura en ciclos de 2+2 ou 3+2 (excepcionalmente 2+3 ou 3+3) cursos académicos, segundo as directrices xerais de cada plan de estudos e a configuración finalmente adoptada por cada universidade. As diferenzas de duración chegaron a producirse dentro dun mesmo título en función da Universidade e mesmo do plan de estudos en vigor.

Sobre a consideración de 60 ECTS en estudos do grao superior de música como de nivel de mestrado, o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aínda que coherente co espírito da norma, podería estar a resultar excesivamente restritivo, de aplicarse de maneira literal a todos os estudos conducentes ao título superior de Música. Na miña opinión, no caso de títulos superiores de

música con plans de estudos de catro ou máis anos, podería darse unha interpretación flexible do Regulamento da UDC no senso de considerar 60 créditos dos dous últimos cursos como de nivel de mestrado, pois a pesar de seren estudos superiores configurados nun único ciclo, cando se promulga a Lei orgánica 1/1990 se consideran equivalentes para todos os efectos coas titulacións de licenciado (configuradas en dous ciclos).

O feito de que a Universidade Complutense de Madrid considere que calquera título de licenciado universitario ou equivalente é válido, sen máis, para o acceso aos estudos de doutoramento, con independencia da súa carga lectiva e da súa configuración –como parece desprenderse da lectura da súa Normativa de desenvolvemento do RD 99/2011, do 28 de xaneiro que regula os estudos de doutoramento na Universidade Complutense de Madrid (art.7.2.b)–, non debe condicionar para nada a adopción por parte doutras universidades das medidas que consideren máis acaídas para cumprir axeitadamente coa legalidade vixente en materia de requisitos de acceso aos estudos de doutoramento, dentro do marco das competencias que lle son recoñecidas polo MECED.

Consideracións finais

Na miña opinión, só se o interesado pode demostrar documentalmente que ten cursado e superado o equivalente a un mínimo de 300 ECTS no conxunto dos seus estudos superiores de música, e cumpre cos requisitos que sinaléi no terceiro parágrafo das “Consideracións sobre as equivalencias de créditos”, podería acadar unha resolución favorable aos seus intereses na Universidade da Coruña. De considerar o interesado que estas son as circunstancias en que se atopa, aconséllolle a presentación dun recurso de alzada, ao tempo que pido á Escola Internacional de Doutoramento da Universidade unha interpretación flexible da norma nos termos en que me pronuncio neste informe.

CASO 643/420 Data 31/08/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	No centro notificanlle que debe pagar 30 euros de recargo polo atraso nun pagamento de 5,91 euros. Argumenta que o último día do prazo os bancos estaban pechados por ser sábado e que carecía de tarxeta (a outra opción de pagamento), polo que solicita a anulación do recargo.
Inicio: 01/09/2016		
Remate: 01/09/2015		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Indícaselle que ademais de que a Normativa de xestión académica para o curso 2016/2017 recolle explicitamente que “No caso de elixir o pagamento íntegro, este deberá efectuarse no prazo común dos dez días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula, nos prazos establecidos para esta” (art. 13.3), no impreso de taxas de matrícula figura que debe ingresarse o importe da matrícula na entidade bancaria no prazo que se indica (17/08/2016 a 27/08/2016 no seu caso). Comunícaselle, tamén, que os recargos os aproba o Consello Social da Universidade e que a cantidade a aboar non depende do importe da débeda, senón que é unha cantidade fixa en concepto de gastos de xestión.

Curso 2014/2015

CASO 568/345 Data 02/10/2014

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicita que se habilite a vía para o acceso á universidade para maiores de 40 anos con experiencia laboral ou profesional, segundo o disposto no RD 1892/2008 do 14 de novembro.
Inicio: 16/10/2014		
Remate: 28/05/2015		
	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Tras analizar o asunto, o 16 de outubro de 2014 dirixio un escrito

motivado ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que solicito a posta en marcha na UDC do sistema de acceso para maiores de 40 anos de acordo co estipulado no Capítulo V do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

No escrito faise referencia expresa ao artigo 27, que recolle a necesidade de acreditar unha determinada experiencia profesional ou laboral, ao artigo 36, que establece que o acceso se realizará respecto dunhas ensinanzas concretas ofertadas pola universidade, e ao feito de que de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, as universidades incluírán na memoria do plan de estudos verificado os criterios de acreditación e o ámbito da experiencia laboral e profesional en relación con cada unha das ensinanzas.

Saliéntase tamén como o artigo 50 do Real decreto 1892/2008 establece que as universidades reservarán un mínimo do 1% das prazas para o conxunto de persoas que acceden ás ensinanzas universitarias oficiais de grao logo de superaren a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos ou acrediten unha experiencia laboral ou profesional á que se refire o artigo 36 (maiores de 40 anos).

Por último, indícase que toda vez que os plans de estudo en vigor na nosa universidade comezan a gozar dunha certa experiencia e que xa estamos asistindo á graduación de alumnos polo novo sistema, parece oportuno que se impulse desde esa vicerreitoría tanto a oferta concreta de titulacións como a necesaria incorporación dos criterios de acreditación e o ámbito de experiencia laboral e profesional que sexan precisos.

A resposta da Vicerreitoría demórase e tras reiterar a solicitude de información sobre o particular para dar cumprida resposta á persoa interesada, o 27 de maio de 2015 a adxunta de Títulos coméntame que teñen tal volume de traballo, tanto na Vicerreitoría como no Servizo de Organización Académica, que o asunto non poderá ser abordado antes do verán, pero que se comprometen a dispoñer dun texto para someter a aprobación polo Consello de Goberno coa intención de que sexa operativo no vindeiro curso académico.

O 28 de maio de 2015 comunicáselle esta información á persoa interesada.

CASO 569/346 Data 02/10/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Denuncia a perda dun dos catro CD que entregara para a defensa do seu TFG e que a pesar de telo posto en coñecemento do centro non lle deran solución ningunha. Amosa a súa preocupación e solicita que se poña maior empeño na súa busca, mobilizando, se fose preciso, os profesores que tiveran acceso ao lugar onde se gardaban.
Inicio: 08/10/2014		
Remate: 16/10/2014		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Tras solicitar información ao director do centro, o 13 de outubro remíteme un informe en que se comunica que se defenderon arredor de 50 traballos, polo que se manexaron uns 200 cedés, que se custodiaron na sala de profesorado, a cal permanece pechada e só se abre a petición dos membros dos tribunais os días previos á defensa dos TFG. Comenta, tamén, que se revisaron os lugares onde se mantivo a documentación do TFG do interesado sen atoparse e que se consultou co PAS e o profesorado relacionado cos procesos seguidos, para acabar concluíndo que non se ten constancia da entrega dun número determinado de CD polo estudante.

O director informa tamén de que como medida de futuro se revisarán os protocolos para deixar constancia precisa da documentación que entregan os estudantes e un rexistro de retiradas e devolucións, na medida en que deban realizarse estas últimas.

Con data do 16 de outubro remítese copia deste escrito ao interesado, ao tempo que se lle tranquiliza sobre o alcance da perda, facendo alusión ao artigo 27. do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante Universitario, que recolle que a publicación ou reprodución total ou parcial dos traballos para calquera outra finalidade distinta da estritamente académica, requirirá a autorización expresa do autor ou autores, de acordo coa lexislación de propiedade intelectual. Abúndase no feito de que unha vez defendido o seu traballo diante dun tribunal e habendo constancia da súa autoría, a lexislación ampárao fronte a calquera posible plaxio.

CASO 570/347 Data 08/10/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Pedimento de intervención para que se resolva favorablemente a súa solicitude de defensa do TFG no curso 2013/14 tras a aprobación da última das materias por compensación.
Inicio: 08/10/2014	Actuacións	Vicerreitoría de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 09/10/2014	Resolución	Ao comprobar que a alumna en cuestión ten presentada unha reclamación polos mesmos motivos ante o reitor, comunicáselle que de acordo co artigo 16.3 do Regulamento do Valedor Universitario non resulta procedente a intervención deste no seu caso concreto. Porén, como todo parece indicar que se trata dun asunto que estaría a afectar gravemente a todo un conxunto de estudantes e que deriva dunhas actuacións de índole administrativa aparentemente anómalas e suficientemente documentadas, ás que o alumnado sería alleo, decido dirixir de oficio un escrito ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para lle solicitar que se dean todos os pasos necesarios na procura dunha rápida e xusta solución á defensa dos TFG do curso 2013/14 por parte das/os estudantes que, antes da malograda oportunidade de setembro, viñan de aprobar por compensación a última materia do seus estudos. Suxírese que, dada a natureza do asunto, e na busca dunha solución satisfactoria, se conte coa colaboración do decanato e co asesoramento e o apoio técnico do Servizo de Organización Académica.

CASO 571/348 Data 08/10/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Logo de transcourir un mes desde o comezo das clases comunicánlle que hai un erro na súa matrícula e que debe modificala, cambiando materias de 3.º curso por materias de 2.º curso que ten sen superar. A alumna manifesta a súa preocupación pola incorporación tardía en novas materias e solicita que se lle permita seguir matriculada naquelas materias do 1.º cuatrimestre para as que xa investiu tempo na súa preparación.
Inicio: 09/10/2014	Actuacións	Servizo de Organización Académica e dirección do centro.
Remate: 29/10/2014	Resolución	Tras contactar co Servizo de Organización Académica e coa dirección do centro, apréciase que, primeiro, a alumna se matriculou de 1.º curso e posteriormente (o 24/09/2014) e debido a novos recoñecementos fixo unha modificación de matrícula, ampliando a materias de 2.º e 3.º curso. O centro notificáralle telefonicamente o devandito erro na primeira semana de outubro e indicáralle que debía pasarse pola Administración para corríxilo no prazo máis breve posible.

Informáselle á alumna de que tanto desde o centro como desde o Servizo de Organización Académica da UDC comentan que o tempo transcorrido entre a matrícula e a notificación do erro non xustificaría a excepcionalidade que suporía o contravir a Normativa de permanencia de estudantes de grao e mestrado na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello Social da Universidade o 27 de marzo de 2014. Ao tempo, comunicáselle tamén que tendo en conta as circunstancias, o decano amósase disposto a facilitarlle todo o que estea na súa man, tanto no relativo a reestruturación da matrícula como no que se refire ao contacto co profesorado, na procura dunha flexibilidade no modo de escolarización que lle permita afrontar mellor os cambios derivados da súa nova matrícula.

CASO 572/349 Data 09/10/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras ser admitida nun mestrado nunha determinada especialidade e a piques de dar comezo o curso, o coordinador comunicalle que houbo un erro na admisión e que só pode matricularse se o fai noutro itinerario.
Inicio: 09/10/2014		
Remate: 15/10/2014	Actuacións	Administración do centro e coordinador do mestrado e dirección do centro.
	Resolución	<p>Desde a administración que se ocupa do mestrado comunicannos que o erro que se produciu coa súa admisión non pode ser resolto pois a súa titulación de orixe non permite cursar na UDC a especialidade solicitada.</p> <p>Ao revisar as listaxes provisionais e definitivas de alumnado admitido e excluído no itinerario solicitado pola interesada, apréciase que houbo outras solicitudes de persoas coa mesma titulación que foron excluídas polo motivo "Titulación non axustada ao perfil de ingreso no itinerario".</p> <p>O erro sería, pois, en principio, de índole administrativa, manténdose na listaxe definitiva a indebida inclusión que xa figuraba na listaxe provisional, pero este erro non se tería seguramente chegado a producir se no documento de "Acceso e admisión de estudantes", que figura na páxina web, estivese actualizada a información relativa ás titulacións de acceso á especialidade en cuestión, a cal non recolle erroneamente como titulación de acceso a que posúe a interesada.</p> <p>No correo que remito á interesada con data do 15 de outubro de 2014, notifícolle estes extremos, recórdolle a posibilidade de cambio de especialidade ofrecido polo coordinador do mestrado e coméntolle que, como valedor universitario, comunicarei ao coordinador do mestrado a imperiosa necesidade de actualizar os contidos da páxina web, co fin de evitar erros de consecuencias tan graves como as que lle están a afectar. Por último, coméntolle que no ámbito da universidade asístelle o dereito a presentar unha reclamación ante o reitor.</p> <p>O 8 de xaneiro de 2015 remito un oficio ao coordinador do mestrado, con copia á decana, en que detallo o fondo deste asunto e lémbrolle noutro escrito do 22 de xullo de 2014, de índole semellante e de máis fondo calado, no que xa lle transmitira, sen éxito, a necesidade e a importancia de actualizar os contidos da páxina web do mestrado. O 12 de xaneiro o coordinador notificame que se vai proceder de inmediato á corrección dos referidos erros/incorreccións.</p>

CASO 573/350 Data 10/10/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Desestímanlle na Reitoría a súa solicitude de anulación de matrícula en tres materias, que solicitara alegando como motivo o
--------------------	--------	--

Inicio: 10/10/2014		falecemento repentino dun familiar en primeiro grao durante a época de exames.
Remate: 13/10/2014	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
	Resolución	O falecemento producírase o 23 de maio e a alumna presentara a solicitude de anulación de matrícula e devolución de taxas o 16 de xullo. A desestimación producírase pola Resolución reitoral do 6 de agosto de 2014; a excesiva tardanza na presentación da solicitude, entre outras razóns, facía inviable acceder ao solicitado.

CASO 578/355 Data 03/11/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Cuestiona como se está a levar a cabo a xestión da matrícula e das bolsas por parte da Fundación da Universidade da Coruña nun título propio de posgrao, así como a falta de información sobre estes e outros moitos aspectos: organización da docencia, seguro de accidentes, acceso ao servizo de biblioteca, Aula NET...
Inicio: 04/11/2014		
Remate: 09/12/2014	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Ponse o asunto en coñecemento da adxunta para Títulos da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen o 09/11/2015 nos remite unha detallada resposta ás cuestións formuladas polo interesado que non lle foran aínda aclaradas por outras instancias ás que xa acudira previamente na procura de información. Entre outras aclaracións, o escrito da Vicerreitoría recolle: <i>Tal e como se recolle no artigo 12 do Regulamento de estudos propios de posgrao, o estudantado que se matricular en cursos propios de posgrao da UDC terá dereito ao uso das instalacións e dos servizos universitarios nas mesmas condicións que o alumnado de estudos oficiais durante o período de impartición do curso. A UDC contempla a posibilidade de delegar na Fundación Universidade da Coruña a xestión económica dos seus títulos, e tamén, se así o acordan entre a FUAC e a dirección do curso, a xestión administrativa, tal e como sucede neste caso. Na actualidade estamos traballando para que desde o momento da preinscrición a propia aplicación xere un documento que acredite o pago da matrícula, de maneira análoga a como sucede nos títulos oficiais, sen necesidade de que o estudante teña que facer solicitude ningunha.</i>

CASO 588/365 Data 07/02/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras denegárselle a súa solicitude ao reitor de que o proxecto de fin de carreira do seu plan de estudos en extinción fose considerado como unha materia sen docencia e se lle aplicase o correspondente prezo da matrícula, solicita ao valedor universitario que se revise o status desa materia para equiparala ao resto das materias da titulación polas que se aboa un fixo de 20 € en aplicación do Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial na Comunidade autónoma de Galicia.
Inicio: 24/02/2015		
Remate: 07/05/2015	Actuacións	Normativa.
	Resolución	O 24/02/2015 remíteselle á interesada un escrito en que se lle informa da importancia de clarificar en primeiro lugar a cuestión nuclear de se o alumnado seguía a realizar ou non o seu PFC en condicións (titorización, seguimento...) similares ou equivalentes ás que se estaban a dar con anterioridade, tanto en primeira como en posteriores matrículas, e convídaselle a que de non ser así mo comunique para eu proceder entón a solicitar información detallada á dirección do centro e á Vicerreitoría de Profesorado. No Plan de organización docente apreciábase que moitos

profesores do centro tiñan asignado un elevado número de horas de docencia no PFC, e de revisarse o status do PFC como materia sen docencia poderían derivarse importantes consecuencias tanto para o profesorado como para o alumnado.

O 20/04/2015, a interesada remite un novo escrito en que sinala que aínda recoñecendo que un PFC require dun importante labor do profesorado, tamén o esixe para o alumnado en canto a horas de traballo e investigación a pesar de ser unha materia de só 3 créditos. Tras argumentar que o PFC é unha materia máis á hora de solicitar unha bolsa de estudos e indicar que non hai horarios fixados para atención ao alumnado desa materia e que é o alumno o que debe chegar a un acordo co titor, pregunta cales serían as consecuencias para o profesorado e para o alumnado, e solicita que considere se é xusto a petición de revisar as condicións do PFC.

O 07/05/2015 dou resposta á alumna coa remisión dun escrito no que se detalla, en primeiro lugar, como mudou o concepto de crédito, facendo referencia á Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, e ao Real decreto 778/1998, do 30 de abril, que modifica parcialmente os RD 1267/1994, do 10 de xuño; 2347/1996, do 8 de novembro; e 614/1997, do 25 de abril. Comunícolle tamén como cun mesmo número de créditos o tempo de dedicación ao PFC e similar noutras universidades. Finalmente, aclárolle a miña alusión no primeiro escrito ás consecuencias para o profesorado e o alumnado, indicándolle que a revisión do status do PFC como materia sen docencia levaría a deixar de computarlle ao profesorado as horas de dedicación que lle figuran no Plan de organización docente por ese concepto e que, nesas circunstancias, o alumnado atoparíase con serias dificultades para realizar o seu PFC.

CASO 592/369 Data 10/03/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita a devolución do importe da matrícula nun programa de doutoramento, e que se investigue todo o expediente ao non serlle asignada como directora de tese a persoa que el puxera como requisito previo para a súa realización.
Inicio: 18/03/2015		
Remate: 21/04/2015	Actuacións	Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC) e Sección de Estudos de Doutoramento.
	Resolución	<p>Ao contactar coa Administración e coa dirección da EIDUDC, comunícaselle ao interesado que o acordo de desestimar a súa solicitude de devolución do importe da matrícula xa fora tomado polo órgano competente e que só estaban pendentes de notificarlo.</p> <p>Logo de recibir a copia do escrito do 14 de abril de 2015, de desestimación da súa solicitude, o interesado pregunta como proceder e se ten que presentar el o recurso de alzada.</p> <p>Unha vez analizada a documentación e a normativa de aplicación, e antes de rematar o prazo para unha eventual presentación dun recurso de alzada, o 21 de abril de 2015 remíttolle un informe ao interesado en que lle comento algúns aspectos que considero relevantes e que, segundo lle notifico, resultan en boa medida coincidentes co acordo adoptado pola Comisión Permanente da EIDUDC.</p> <p>No informe destácase como o 16/10/2014 o secretario da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) lle notificara ao interesado que estaba a confundir titor con director de tese, que debería falar co titor que lle fora asignado para propoñer director de tese, e como o propio secretario lle advertira con claridade (mesmo incluíndo unha ligazón á normativa) que para que un doutor poida ser nomeado como director dunha tese de doutoramento debe cumprir con determinados requisitos</p>

formais. Indícolle, tamén, no informe que unha vez advertido da normativa de aplicación, cómpre esperar a que sexa o propio interesado quen se poña en contacto co seu titor e coa persoa que desexa que lle dirixa a tese, e que sexa esta última quen lle comunique se pode ou non contar con ela para dirixirla.

Comunícolle, tamén, que debe ter presente que formalizou a súa matrícula o 28/10/2014, con posterioridade á advertencia do secretario da CAPD, que o prazo para a desistencia total de matrícula, con dereito a devolución de prezos públicos, permaneceu aberto até o 03/12/2014, mais non presentou a súa solicitude de devolución até o 19/02/2015, e que o propio secretario da CAPD tamén lle notificara que a persoa proposta por el podía ser nomeada como codirectora da tese.

O meu informe remata coa indicación ao interesado da posibilidade de recorrer en alzada, pero trasladándolle as seguintes consideracións finais: "Tendo vostede presentada formalmente unha solicitude de devolución do importe da matrícula polo conduto regulamentario fóra de prazo (o 19/02/2015), ao ser a fórmula da codirección unha opción viable, e non apreciándose ningún erro no cumprimento da normativa da UDC nin do Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento que puidese ser imputable á CAPD nin á EIDUDC, parece difícil que o condicionamento para a realización da tese que vostede manifestara con anterioridade á advertencia do secretario desa CAPD poida ser estimado como razón suficiente para revogar, fóra de prazo, un acto administrativo firme e proceder á devolución do importe da matrícula."

CASO 598/375 Data 18/05/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Remátalle o prazo de 2 anos para superar materias dun grao en extinción, que se implantara no curso 2010/11, e quéixase pola non aplicación ás novas titulacións da convocatoria extraordinaria que se aplica ás titulacións anteriores ao RD 1393/2007.
Inicio: 18/05/2015		
Remate: 21/07/2015	Actuacións	Servizo de Organización Académica e Administración do centro.
	Resolución	Tras solicitar información ao centro e aos servizos técnicos na Reitoría, a través do Servizo de Organización Académica fago chegar á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías as seguintes consideracións: <i>A Instrución 1/2012-2013, da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, do 15 de abril, mediante a que se establecen as garantías dos dereitos académicos dos alumnos de títulos oficiais de grao e máster, que están incursos en procesos de modificación, supresión ou extinción dos seus títulos ou dos seus plans de estudos, non recolle as posibilidades de render exame por unha soa vez que outorga a Resolución reitoral do 27 de setembro de 2012 aos alumnos das titulacións da ordenación académica anterior á establecida polo Real decreto 1393/2007. Considerando que as posibilidades de superar unha materia para os alumnos dos graos en extinción poden verse reducidas ata só dúas convocatorias (catro oportunidades) no canto de catro convocatorias (oito oportunidades) das que gozan, segundo a normativa de permanencia, os alumnos dos graos que non se extinguen, e para evitar agravios comparativos coas condicións de extinción das titulacións da ordenación académica anterior á establecida polo Real decreto 1393/2007, proponse unha posible modificación da referida Instrución 1/2012-2013 que dea cabida a unha convocatoria extraordinaria en condicións semellantes ás que se recollen na antedita Resolución reitoral do 27 de setembro para o alumnado dos plans antigos.</i>
		Remíteselle esta información ao reclamante.

CASO 599/376 Data 18/05/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Alumna de Erasmus que durante o segundo semestre solicita un cambio de materias do seu contrato de estudos fóra de prazo. Denégaselle a modificación a pesar de que lle fora asignada polo titor da UDC e polo coordinador da universidade de destino.
Inicio: 19/05/2015		
Remate: 22/05/2015	Actuacións	Coordinadora Erasmus do centro.
	Resolución	Tras contactar coa coordinadora Erasmus do centro, remítolle un escrito para solicitarlle que considere a posibilidade dun pronunciamento favorable, sempre que a alumna non pretenda tirar proveito da súa demora na tramitación da modificación do contrato, como parecía ser o caso. Trátase dunha alumna bolseira, cun bo expediente académico e que podería verse inmersa en serios problemas económicos de non modificarse a súa situación académica. A coordinadora analiza os detalles do caso e emite un pronunciamento desfavorable, tras comentar diversas irregularidades en que tería intentado incorrer a reclamante en relación coa súa estadia de mobilidade, tanto na Universidade da Coruña como na universidade de destino.

CASO 606/383 Data 05/08/2015

Reclamante: Allea	Motivo	Convocada para matricularse en Terapia Ocupacional na UDC, alega que o primeiro día de prazo tivo problemas coa aplicación informática para formalizar a súa matrícula e que logo se lle pasou o prazo.
Inicio: 07/08/2015		
Remate: 07/08/2015		Solicita axuda para ser convocada novamente.
	Actuacións	LERD.
	Resolución	Comunícaselle á interesada que segundo se recolle no artigo 50.2 da Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, "En cada prazo de matrícula publicarase a relación de estudantes admitidos para matricularse en cada ensinanza universitaria, indicando os lugares e as datas para formalizar a matrícula. Os estudantes admitidos para matricularse na ensinanza universitaria solicitada en primeiro lugar de preferencia, deberán matricularse no prazo establecido para o efecto; de non facelo perderán os seus dereitos de matrícula nesa convocatoria...". Infórmaselle tamén de que a única vía de reclamación sobre o seu asunto é a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), como órgano con potestade para xestionar o acceso á universidade, e facilítaselle un contacto no LERD a quen acudir para informarse sobre calquera dúbida ou posible vía que cumpra seguir.

CASO 608/385 Data 10/08/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras presentarse por dúas veces no mesmo curso e suspender a última materia que lle queda para poder defender o proxecto de fin de carreira (PFC) dos seus estudos de Enxeñaría polo plan vello, solicita que se lle conceda o aprobado por compensación no mesmo curso e poder así defender o seu PFC a primeiros de setembro, sen ter que agardar ao seguinte curso académico.
Inicio: 10/08/2015		
Remate: 17/08/2015		
	Actuacións	Servizo de Organización Académica e Administración do centro.
	Resolución	Contáctase co centro e co Servizo de Organización Académica (SOA). No SOA coméntannos que o problema formulado está en vías de solucionarse favorablemente para a interesada, do cal se

Curso 2013/2014

CASO 537/314 Data 16/01/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Realizou a súa matrícula no mes de agosto de 2013 sen ningún problema, mais o 16 de xaneiro recibe unha notificación da Administración do seu centro en que se lle require matricularse de materias sen superar de cursos anteriores tal e como indica o artigo 5.2 da Normativa de xestión académica da UDC para o curso 2013-2014. Dáse a circunstancia de que o programa informático de matrícula, no seu momento, non activara os filtros necesarios para obrigar ao alumno a matricularse das materias pendentes de cursos pasados. Solicita a mediación do valedor universitario para que se lle conserve a matrícula que fixo antes do comezo do curso, tendo en conta os prexuízos económicos e académicos que, de non ser así, se lle estarían a ocasionar.
Inicio: 16/01/2014		
Remate: 12/02/2014		
	Actuacións	Administración do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Ante a situación deste alumno e outros afectados, remítese o tema á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para que o estude a fondo na busca dunha solución en positivo. Recomendáselle ao alumno que se os órganos competentes non resolven antes do prazo que ten para poder presentar un recurso, proceda a presentalo. Despois de varios atrancos na Administración do seu centro, guiado polo valedor universitario, o alumno decide reclamar ante a Reitoría. O asunto resólvese favorablemente para o reclamante (Resolución reitoral do 20 de febreiro de 2014).

CASO 543/320 Data 29/01/2014

Reclamante: De oficio	Motivo	Atrancos na posta en marcha da expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET). O valedor decide interesarse polo asunto tras unha consulta dun profesor ao respecto.
Inicio: 31/01/2014		
Remate: En curso		
	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, Servizo de Organización Académica, valedores universitarios das universidades do SUG e Comisión Executiva da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios.
	Resolución	O Servizo de Organización Académica infórmanos de que para os plans novos, tal como vén recollido no RD 1002/2010, de 5 de agosto, a expedición do SET resulta moi complexa e custosa para as universidades públicas, polo que está paralizada. Tras comentar a situación cos outros valedores universitarios das universidades galegas, o valedor da USC coméntame que na secretaría xeral da súa universidade coñécese o tema de preto por ter participado, a petición do Ministerio, nunha proposta para a modificación do devandito real decreto, modificación que levaba xa máis de dous anos en proxecto, sen que se lle vexan aínda trazas de que vaia para diante. Os valedores universitarios galegos acordamos levar o asunto á seguinte reunión da Comisión Executiva da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU) para o seu coñecemento e actuación na medida en que se considere oportuno. A acollida foi favorable, pero seguramente pola prudencia dalgúns dos meus compañeiros da executiva, que non estaban moi familiarizados co asunto, non chegou a concretarse polo momento acción algunha ao respecto. Comentado de novo o asunto cos outros valedores universitarios do SUG, decidimos, na medida das nosas posibilidades, poñer o

asunto en coñecemento doutros órganos, institucións ou persoas que dalgunha maneira puideran contribuír a que o MECD desbloquee canto antes o asunto.

CASO 559/336 Data 18/06/2014

Reclamante: Rep. de estudantes	Motivo	A información sobre o acceso e admisión de estudantes a un mestrado causa serios problemas (non-admisión) no momento de matricularse, ao se atoparen os interesados con que as condicións de acceso e admisión son distintas das que figuran na páxina web do centro.
Inicio: 23/06/2014		
Remate: 31/07/2014	Actuacións	Coordinador do mestrado.
	Resolución	Tras comprobar a información, envíase un informe motivado ao coordinador do mestrado en que se lle solicita que tome as medidas oportunas para que se proceda a unha completa actualización da información do mestrado na páxina web do centro, e que se reparen, na medida do posible, os prexuízos causados ao alumnado que está a ser excluído polo motivo en cuestión.

CASO 564/341 Data 13/08/2014

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras superar os tres primeiros cursos do grao pretende matricularse do cuarto curso completo e non pode facelo xa que non lle permiten matricularse do Practicum (24 créditos) mentres non aprobe as estadias clínicas do 1.º cuadrimestre co que, entre tanto, só podería matricularse de 36 créditos e isto impídele solicitar unha bolsa completa ao MECD.
Inicio: 18/08/2014		
Remate: 09/09/2014	Actuacións	Servizo de Organización Académica, dirección dos centros en que se imparte a titulación e Sección de Bolsas.
	Resolución	A pesar da intención da directora do centro onde cursa estudos a reclamante, de posibilitar a matrícula para evitar os inconvenientes relacionados coas bolsas do Ministerio, e da nosa consideración de que unha interpretación flexible do recollido no plan de estudos verificado (interpretar os "requisitos para poder acceder" como requisitos para poder cursar, e non necesariamente para poder matricularse), o xefe de servizo competente considera que ao figurar como "requisitos previos" na memoria verificada que se "Debe ter superado as Estadias Clínicas I, II, III, IV, V, VI, VII", isto afecta directamente á matrícula. Non cabería, pois, a vía de considerar que abonda con non poder cursar o Practicum mentres non se teñan superadas todas as estadias clínicas, sen ter que agardar ao segundo cuadrimestre para matricularse. Na Sección de Bolsas infórmase nos de que colaboran para paliar o problema xestionando o momento do envío ao Ministerio, o cal permitirá aos alumnos obter bolsas a tempo completo e que só existe o inconveniente de que o seu cobro se vería atrasado tres ou catro meses. Para iso mantéñense en contacto coa Sección de Estudos de Grao. Comunícase a información á reclamante, ao tempo que se lle notifica que se os impedimentos derivados do que sería unha esixencia recollida na Memoria do Plano de Estudos lle causan problemas económicos dificilmente superables, se poñen en contacto de novo connosco, pois nese caso tentaríamos buscar outras vías para paliar a situación. Coméntaselle, igualmente, que desde a Oficina do Valedor tentaremos velar porque na configuración dos novos planos de estudo se teña presente esa problemática, tratando de evitar os efectos negativos que a súa actual configuración están a causar con respecto ás bolsas do Ministerio.

Curso 2012/2013

CASO 489/266 Data 25/10/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	No prazo de dous meses solicitou dúas certificacións académicas sobre a mesma titulación, e nelas constaban distintas notas medias da promoción. A certificación en que constaba unha nota media inferior prexudicouna para a obtención dunha axuda pre-doutoral da Xunta de Galicia. A solución requiría urxencia para entrar no prazo de reclamación das bolsas.
Inicio: 25/10/2012		
Remate: 26/10/2012		
	Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	O cálculo das medias de cada promoción debe facerse unha soa vez para cada curso académico, polo que non debería cambiar. No decanato notifican que se están a solucionar os erros e que se manterán en contacto coa reclamante. Na Oficina do Valedor Universitario suspéndense as actuacións ao apreciar que, entre a documentación requirida á alumna para analizar o caso, se atopa unha reclamación ante o reitor que ela mesma presentara o 25/10/2012.

CASO 492/269 Data 14/11/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Matriculouse por internet nas prácticas de empresa pero non pode facelas por non cumprir co requisito de ter aprobados 180 créditos ECTS.
Inicio: 14/11/2012		
Remate: 16/11/2012		
	Actuacións	Administración do centro e Servizos Informáticos.
	Resolución	Informáselle ao alumno de que o sistema informático en uso non permite discriminar entre quen cumpre ou non cos requisitos esixidos, que é posteriormente na administración do centro onde se procede á súa verificación. Comunícaselle que aínda que na administración do seu centro non poden proceder a consolidarlle a matrícula en concepto de prácticas de empresa, por non cumprir cos requisitos esixidos pola norma, a súa matrícula pode ser desviada a outro tipo de créditos ou ben pode recuperar o diñeiro tras un proceso motivado de reclamación de devolución de taxas. Coméntaselle tamén que, na aplicación informática, se están a incorporar advertencias sobre a condicionalidade á que están sometidas as diferentes titulacións, de xeito que quen se está a matricular poida dispoñer dunha información directa sobre os requisitos que se esixen na súa titulación. Segundo nos informan, resulta problemático e custoso preparar filtros na aplicación informática que consideren os diferentes supostos de cada titulación e centro co fin de bloquear a matrícula por internet cando non se cumpran os requisitos esixidos na titulación.

CASO 494/271 Data 05/12/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Desestimación da súa solicitude da condición de estudante con dedicación a tempo parcial para cursar todas as materias no primeiro cuatrimestre. A resolución prodúcese cun considerable atraso (recíbea o 26 de novembro) e mentres tanto ponse en contacto co profesorado das diferentes materias para lle pedir flexibilidade na asistencia por motivos laborais, con resultado negativo salvo nun único caso; o cumprimento das guías docentes ás que o remiten levaba consigo a asistencia diaria a clase. Acaba por renunciar á matrícula.
Inicio: 05/12/2012		
Remate: 22/01/2013		
	Actuacións	Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	A resolución negativa do centro susténtase no incumprimento do suposto recollido no artigo 5a da norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da

Coruña, pois a duración da relación laboral do interesado durante o curso académico era só de 80 días e, por tanto, non alcanzaba o mínimo de 90 estipulado na norma. Á vista da norma recentemente aprobada (o 29 de maio de 2012), que posibilita e regula a condición de estudantes a tempo parcial na UDC; sabedor da importancia da súa urxente aplicabilidade tendo en conta a situación de crise económica que están a padecer moitas persoas, o incremento do custo das matrículas e as dificultades para acadar e consolidar bolsas de estudo; considerando que a condición de estudante a tempo parcial non poderá ser realmente efectiva mentres non se considere axeitadamente nas guías docentes das materias; e coñecedor da inercia dunha parte do profesorado ante este tipo de cambios, o valedor universitario remite un escrito ao vicerreitor de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías en que lle solicita que procure a colaboración de centros e departamentos para impulsar decididamente a incorporación da necesaria flexibilidade nas guías docentes das materias, na medida en que for posible.

CASO 495/272 Data 12/12/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Recibe da administración do centro un requirimento indebido por falta de pagamento.
Inicio: 12/12/2012	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica e dirección do centro.
Remate: 19/12/2012	Resolución	Ao interesarnos polo caso, a raíz dun correo electrónico recibido o 12 de decembro, a administración do centro comunica que o alumno depositara nesta un escrito con igual contido dirixido ao valedor universitario e outro dirixido ao reitor. O 19 de decembro o decano remítenos un oficio acompañado dun completo informe e comunícanos que remite o mesmo informe ao reitor. O propio día 19 de decembro, o valedor universitario remite un escrito ao interesado, en que lle comunica que a resolución do seu caso está xa encamiñada pola vía axeitada e que, ao terse iniciado un procedemento administrativo pola mesma causa ante o reitor, debe suspender as súas actuacións en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do Valedor Universitario.

CASO 513/290 Data 14/05/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Recargo por morosidade. Por mor de estar participando nun programa de mobilidade (Erasmus), domiciliou os pagamentos, mais o 3 de abril recibe un correo do director do centro en que se notifica que a todo aquel a quen se lle denegara a bolsa ten que pasar por secretaría para realizar o pagamento da matrícula. Non recibe resposta a un correo que el mesmo remitiu o 9 de abril á dirección do centro, no que expoñía que el tiña domiciliado o pagamento e no que preguntaba se abondaba con iso ou se tamén el precisaba realizar algún trámite adicional.
Inicio: 16/05/2013	Actuacións	Administración e dirección do centro, e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 21/05/2013	Resolución	No centro informan de que o requirimento do pagamento de matrícula se publicou o 15 de febreiro no taboleiro de anuncios habilitado para tal efecto. O 3 de abril, desde a dirección do centro avisouse ao alumnado quen non procedeu ao pagamento dentro do prazo fixado (10 días tras a publicación do 15 de febreiro), polo que nesa data o alumno estaba xa fóra de prazo. A resposta ao correo do alumno non chegou a el ao producirse un erro no destinatario, pois ao ter rebotado o director o correo do alumno á xefa da administración para que se lle dera resposta, esta foi enviada ao remitente (o propio director) no canto do interesado.

O valedor remite un correo ao interesado en que lle comunica esta información, ao tempo que lle manifesta que malia que na administración do seu centro parece que deron os pasos que se lle requiren de acordo co procedemento establecido e que, por tanto, o aboamento do recargo por morosidade parece inevitable, tamén é certo que o procedemento debería mellorarse de xeito que, cando un alumno estea temporalmente fóra da cidade por razóns de estudos, haxa mecanismos que permitan coñecer os requirimentos administrativos e realizar os pagamentos sen necesidade de ter que botar man de terceiras persoas que acudan á administración do centro. A este respecto, o valedor comprométese a facer as oportunas recomendacións ás correspondentes instancias universitarias e así llo traslada ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

CASO 525/302 Data 23/07/2013

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicitud de axuda por parte da nai dunha alumna de novo ingreso que sufriu un grave accidente que a deixou inmobilizada. A alumna solicitara como 1.ª opción unha titulación do campus de Ferrol e como 2.ª opción unha titulación do campus da Coruña. A raíz do accidente pasáronlle os prazos e, en calquera caso, a opción de Ferrol sería xa inviable tendo en conta dos coidados físicos e a atención que vai necesitar nos vindeiros meses.
Inicio: 24/07/2013		
Remate: 26/07/2013		
	Actuacións	LERD e CIUG.
	Resolución	Desde o LERD, onde a nai da alumna xa expuxera o problema, remitiron un escrito á CIUG en que se explica o caso e se solicita a súa recuperación das listaxes da 2.ª opción, na que xa fora aceptada. Dado a grande preocupación da nai da alumna pola recuperación anímica da súa filla e tendo en conta os prazos, o valedor universitario contacta co representante da UDC na CIUG quen se interesa de inmediato polo caso. O asunto resólvese coa inclusión da alumna na seguinte listaxe.

Curso 2011/2012

CASO 435/212 Data 09/09/2011

Reclamante: Alleo	Motivo	Atraso na expedición do título, solicitado en 2008 e aínda sen tramitar por parte do centro.
Inicio: 13/09/2011	Actuacións	Sección de Títulos e dirección do centro.
Remate: 17/02/2012	Resolución	Tras comprobar que o centro levaba varios anos sen tramitar os expedientes cara á Sección de Títulos, contáctase co responsable académico do tema no centro, quen informa de que en efecto había un grande atraso debido ao cálculo das medias, mais que todo estaría resolto nun prazo de 15 días. Transcorridos máis de catro meses sen que o asunto se resolvera, a pesar de mediar unha nova conversa e a correspondente promesa, remítese escrito ao director do centro en que se relatan detalladamente os feitos, se destaca a súa gravidade e se lle solicita a súa implicación directa na busca dunha inmediata solución. Aos poucos días o responsable académico pide desculpas, comunica que os expedientes correspondentes ao 2007 veñen de ser tramitados e que os do resto das promocións pendentes se irían tramitando de seguido. Transcorrido un tempo, desde a Oficina do Valedor Universitario contáctase de novo coa Sección de Títulos e compróbase que así se estaba a facer.

CASO 442/219 Data 14/10/2011

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicitude de adaptación ao grao fóra de prazo debido á información recibida por parte da Administración.
Inicio: 17/10/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 24/10/2011	Resolución	A pesar de que desde a dirección do centro se considera que a información proporcionada ao reclamante parecía estar exenta de erros, admítese que puido haber un malentendido e decídese resolver favorablemente para o alumno. A resolución afecta tamén positivamente a dúas alumnas que estaban en similares circunstancias.

CASO 448/225 Data 28/09/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Anulación da matrícula unha vez admitido.
Inicio: 26/10/2011	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e Servizo de Estudantes.
Remate: 10/07/2012	Resolución	O asunto comezou como consulta, e logo de máis de seis meses desde que presentara unha reclamación ante o reitor, o alumno solicita a intervención do valedor universitario para interesarse polo caso. A dita intervención remata comunicándolle ao alumno que, aínda que con retraso, o caso segue o seu curso e o Servizo de Estudantes está xa elaborando o correspondente informe.

CASO 455/232 Data 21/12/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Irregularidades administrativas e trato discriminatorio entre o alumnado da USC e o da UDC nun mestrado interuniversitario que producen graves prexuízos.
Inicio: 23/12/2011	Actuacións	Normativa.
Remate: 23/12/2011	Resolución	Aínda que o reclamante, cando presenta a queixa, está matriculado na Universidade da Coruña, os feitos denunciados corresponden ao curso académico precedente en que era alumno da Universidade de Santiago de Compostela. Comunícaselle ao reclamante que o caso está fóra das competencias da Oficina e non pode ser admitido a trámite.

CASO 457/234 Data 19/12/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Recargo por morosidade no pagamento do segundo prazo de matrícula por imprecisión e falla de información.
Inicio: 22/12/2011	Actuacións	Administración do centro e Servizo de Organización Académica.
Remate: 13/01/2012	Resolución	As imprecisións na información sobre os prazos poderían ter levado a unha confusión sobre a data límite para o pagamento do segundo prazo da matrícula. En todo caso esta información por si soa non podía dar pé a interpretar que o prazo fixado na Normativa de xestión académica (1 ao 13 de decembro) podía ir máis aló do 15 de decembro. Dado que o atraso do reclamante se prolongou até o 19 de decembro, o recargo por morosidade parece xustificado e así se lle notifica. No entanto, diríxese un escrito ao xefe de Servizo de Organización Académica en que, tras destacar que algúns aspectos poderían resultar confusos ou contraditorios, se lle solicita que considere determinadas melloras paliativas que se lle suxiren tanto no relativo ao contido dos diferentes documentos como á publicidade sobre os prazos. Así mesmo, comunícaselle que de se dar o caso de cobros por morosidade nalgún centro a pagamentos efectuados os días 14 e 15 de decembro, parecería procedente a súa devolución

de oficio. Sobre este último extremo infórmase tamén directamente á administración do centro obxecto da reclamación.

CASO 460/237 Data 17/01/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Falla de información no recargo por morosidade no pagamento do segundo prazo de matrícula. Considérase inxusto que polo atraso no pagamento dunha pequena cantidade se lle aplique un recargo que excede a cantidade adebedada.
Inicio: 19/01/2012		
Remate: 19/01/2012	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Infórmalle de que a administración do seu centro aplicou a normativa establecida e que tanto o recargo como os prazos para facer efectivo o pagamento fraccionado da matrícula veñen recollidos na Normativa de xestión académica da UDC e que, aínda que mellorables, as canles de información de que dispón o alumnado para ese tipo de procedementos son as habituais. Comunicáselle, así mesmo, que a cantidade fixada como recargo é unha cantidade fixa (30 euros) que foi establecida polo pleno do Consello Social da UDC.

CASO 464/241 Data 14/02/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Por un erro non se matriculou do curso completo nun mestrado, malia cursar todas as materias, o cal lle suporía a non superación de todas as materias e a perda dunha bolsa do Ministerio. Así mesmo, estaba a piques de serlle denegada unha ampliación de matrícula.
Inicio: 14/02/2012		
Remate: 17/02/2012	Actuacións	Administración, coordinador do mestrado, Servizo de Organización Académica e Vicerreitoría de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Ao apreciarse claramente que non houbo mala fe á hora de realizar a matrícula, e tendo en conta o alcance dos prexuízos que se derivarían da denegación da súa solicitude, o asunto resólvese favorablemente para o interesado.

CASO 467/244 Data 27/02/2012

Reclamante: PDI	Motivo	Aínda non lle foi tramitado o título que acadou no curso 2006/07 e necesítao de urxencia para a súa homologación por motivos de traballo no estranxeiro.
Inicio: 27/02/2012		
Remate: 18/04/2012	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Infórmase do caso ao Servizo de Organización Académica e solicítaselle a máxima dilixencia posible na expedición do título e que se lle brinde ao interesado todo o apoio de carácter administrativo que, mentres tanto, puidese precisar para resolver os atrancos que, en relación coa súa incorporación ao destino, puidese ocasionarlle a carencia do título. O 7 de marzo de 2012 recíbese comunicación do xefe de Servizo de Organización Académica en que informa que o lote de títulos no cal estaba incluído o do reclamante lles fora remitido polo centro cun considerable atraso mais que ía incluído na remesa que se enviaría en breve ao Ministerio de Educación. Desde a Sección de Títulos manteñen informado ao interesado; a mediados de abril, o título xa estaba impreso e dábaselle entrada no rexistro. [Este caso garda relación co da referencia 435/212]

CASO 468/245 Data 17/02/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Cuestiona a esixencia de acreditar o dominio dunha lingua estranxeira ao nivel B1 para o acceso ao Mestrado de Secundaria, e solicita, en todo caso, adaptación do exame de inglés por discapacidade.
Inicio: 05/03/2012		
Remate: 13/03/2012	Actuacións	Unidade de Atención á Diversidade, director do Centro de Linguas e coordinador do Mestrado de Secundaria.
	Resolución	Infórmase á alumna da obrigatoriedade da acreditación por vir recollida na Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro. Infórmase ás dúas vías polas que nese momento podería optar na cidade: a Escola Oficial de Idiomas (terían obriga de adaptarlle o exame) e o sistema de exames IELTS ou International English Language Testing System, en que as necesidades de adaptación do exame xa están previstas, pero deben comunicarse con cando menos tres meses de antelación. Comunícase tamén das novas posibilidades que poderían abrirse en breve no Centro de Linguas da UDC (acreditación ACLES).

CASO 476/253 Data 02/05/2012

Reclamante: Persoal do Capitulo VI	Motivo	Falla de resposta á solicitude de expedición de diplomas por participar en accións formativas como técnico do servizo, en calidade de organizadora, organizadora/titora, coordinadora formadora ou asistente. Os diplomas están listos para a súa sinatura desde primeiros de xaneiro de 2012.
Inicio: 10/05/2012		
Remate: 09/10/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.
	Resolución	Tras contactar coa Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, o 10 de maio o valedor universitario comunícale á interesada a información de que o seu caso será estudado e que, en breve, se lle dará unha cumprida resposta. O 6 de xullo recíbese un novo escrito da interesada en que afirma seguir pendente dunha resposta á súa demanda. Ese mesmo día o valedor universitario remite un oficio á vicerreitora en que lle solicita que, coa maior brevidade posible, dea cumprida resposta á demanda da interesada no sentido que estimar máis oportuno de acordo coa legalidade vixente, e que o manteña informado das decisións adoptadas en relación co caso. Pasados tres meses sen recibir notificación ningunha ao respecto desde a Vicerreitoría, o 9 de outubro envíaselle un novo escrito á vicerreitora en que se incide no considerable tempo transcorrido sen dar resposta á interesada e se sinala o seguinte: "Aínda sendo consciente das dificultades de dar rápida resposta a algúns asuntos por acumulación de traballo en determinados servizos da universidade, habida conta do tempo transcorrido solicítolle unha pronta resposta á solicitude de Dna. ... no sentido que considere máis oportuno. Unha institución pública e de calidade como a Universidade da Coruña debe evitar por todos os medios caer no silencio administrativo."

CASO 482/259 Data 03/08/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Atrancos coa legalización de documentos na administración do centro en relación cun traslado de expediente para continuar estudos no estranxeiro.
Inicio: 07/08/2012		
Remate: 08/08/2012	Actuacións	Administración do centro e normativa.
	Resolución	Desde a Oficina do Valedor Universitario contáctase coa administración do centro, que achega os documentos académicos requiridos pola interesada formalizados segundo as instrucións

Curso 2010/2011

CASO 394/171 Data 21/09/2010

Reclamante: Alumna	Motivo	Demora no pagamento do 2º Prazo dunha bolsa para estadía no estranxeiro por convenio UDC / entidade bancaria.
Inicio: 21/09/2010	Actuacións	Servizo de Patrimonio e Xestión Económica e Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 22/09/2010	Resolución	Constrinximento para que se desbloquee o pagamento por parte da UDC.

CASO 396/173 Data 15/11/2010

Reclamante: Alumno	Motivo	Retraso no traslado do expediente no seo da UDC, con problemas de vencemento dos prazos para a matrícula.
Inicio: 15/11/2010	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 18/11/2010	Resolución	Infórmase á reclamante do atranco nos servizos informáticos e do inminente traslado do expediente.

CASO 402/179 Data 08/02/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Problemas en expedición de título con suplemento europeo.
Inicio: 08/02/2011	Actuacións	Administración do centro e Servizo de Organización Académica.
Remate: 23/02/2011	Resolución	Infórmase ao reclamante de que o asunto xa está solucionado.

CASO 404/181 Data 16/02/2011

Reclamante: Alieo	Motivo	Imposibilidade de acceso a grao mediante a acreditación de experiencia laboral.
Inicio: 17/02/2011	Actuacións	LERD e Servizo de Organización Académica.
Remate: 24/02/2011	Resolución	Imposibilidade de acceso a grao mediante a acreditación de experiencia laboral.

CASO 406/183 Data 23/03/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Tardanza no cobro dun premio dun concurso organizado nun centro.
Inicio: 25/03/2011	Actuacións	Administración do centro.
Remate: 28/03/2011	Resolución	Infórmase ao reclamante da existencia dun expediente de pagamento do premio, e máis dos trámites que quedan por facer antes de que este se faga efectivo.

CASO 408/185 Data 01/04/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Pagamento dunha certificación académica simple considerado excesivo.
Inicio: 01/04/2011	Actuacións	Administración do centro e Servizo de Organización Académica.
Remate: 10/05/2011	Resolución	Logo de informar aos órganos competentes, estes deciden que procede a devolución das taxas ao reclamante, e que desde o citado servizo se remitirá unha información de carácter xeral

dirixida a todas as administracións dos centros a ese respecto.
Infórmase ao reclamante.

CASO 432/209 Data 26/07/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Aparece no expediente cun "Non presentado" cando obtivo un 6 no exame da materia. Tras remitir un correo ao profesor a finais de xuño, este admite o erro e maniféstalle que o corraxirá canto antes. A 26 de xullo decide solicitar o amparo do valedor dado que a nota segue sen ser modificada, non obtivo resposta a novos correos remitidos ao profesor e na administración do centro lle comunican que non poden facer nada ao respecto.
Inicio: 26/07/2011		
Remate: 26/07/2011		
	Actuacións	Secretario do centro.
	Resolución	O profesor manifesta que presentara a correspondente solicitude de cambio de nota na administración do centro, desde onde a redirixiron á Reitoría. Sinala, así mesmo, que hai un par de semanas recibiu a confirmación de aceptación do cambio. O secretario do centro comenta que o asunto está en trámite e quedará resolto en breve. Infórmase de todo isto á reclamante e trasládasele o ofrecemento do secretario do centro a que contacte directamente con el se así o precisar.
